

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION ORDINARIA DO 28 DE NOVEMBRO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e oito de novembro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López

Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do concello en sesión ordinaria, convocado co orde do día do 23 de novembro que obra en poder das señoras/es concelleiros, iniciamos por parto o Pleno, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos coa parte resolutive do Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(190).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 13.09 E ORDINARIA (SETEMBRO) DO 3.10.2016).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión extraordinaria do 13.09 e ordinaria (setembro) do 3 de outubro de 2016.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(191).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE.7397/224 (REXISTRO PLENO 1457/1101).

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de novembro,

número 1457/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada da Área e Presidenta do Consello Municipal da Muller, remiten a seguinte proposta elaborada por Dona Aurea González González, presidenta da Asociación de Mulleres Dorna e membra do Consello Municipal da Muller, por acordo deste órgano.

COMUNICADO 25 DE NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Praticamente 1 asasinato cada 3 días no estado español. Cada día teñen lugar unha media de algo máis de 3 violacións e dous casos de violencia machista son denunciados ó día na cidade de Vigo.

Mais ante tal xenocidio, unha gran parte da cidadanía segue culpabilizando as mulleres por non ter deixado a relación antes de que as asasinen.

Son numerosos colectivos de mulleres e organizacións políticas, xudiciais, sociais, sindicais as que a cotío envían comunicados, estudos de investigacións, traballos comunitarios nos que se recollen medidas de urxencia para mellorar á atención ás mulleres vítimas de violencia machista. Velaí algúns exemplos:

- O acceso de todas as mulleres vítimas de violencia aos recursos especializados sen depender da interposición dunha denuncia. Un número importante da sociedade segue presionando para que as mulleres denunciaren. Pensamos que as denuncias son moi importantes, mais non deben ser a única opción para ofrecerlles unha saída ás mulleres e aos menores que teñen a cargo. A denuncia debe ser unha ferramenta máis coas que poidan contar para saír desa situación e comezar esa nova vida a cal se di que teñen dereito. Cada proceso ten as súas fases, e non todas as mulleres queren ou poden ou non sempre é o mellor momento para denunciar.

- Que se potencien as redes de acompañamento social ás mulleres, para que estean acompañadas dun xeito máis cercano e complementando a atención institucional.

- Melloras nos xulgados especializados, para que se cumpra a intimidade e integridade das mulleres o día do xuízo.

- Seguimos esixindo que o terrorismo machista sexa unha cuestión de estado.

A violencia machista ten unha presenza mínima tanto nas campañas electorais como na política do estado español.

- Queremos reformar a lei contra a violencia de xénero para que estean

reflectidas todas as formas de violencia contra as mulleres.

Incluír TODAS as formas de violencia, non só a de parella, crear servizos especializados a vítimas de agresións sexuais e protexer a TODAS as vítimas sen discriminación por raza, lingua, clase, idade, orientación sexual, identidade de xénero, diversidade funcional, estado civil, estatuto de emigrante ou de refuxiada.

_ Toda a sociedade e as súas organizacións e institucións deben comprometerse na loita pola igualdade.

Queremos a implicación de todas as instancias do goberno na prevención e erradicacións da violencia machista e na asistencia e reparación a todas as mulleres en situación de violencia, independentemente da súa situación administrativa.

- Que o acento se poña na protección das afectadas e dos seus fillos e fillas, facilitándolles saídas de recuperación vital, económica e social.

Son mínimas as axudas para vivenda e insuficiente a axuda á súa recuperación psicolóxica e empoderamento.

- Que a prevención sexa unha política prioritaria, que inclúa un sistema coeducativo en todos os ciclos e a formación específica para todo o persoal profesional que intervéñ nos procesos.

Que se visualice a través dos medios de comunicación a violencia machista e se acade unha información que inclúa unha linguaxe e unha imaxe non sexista.

- Supresión do réxime de visitas e da patria potestade sobre as e os menores aos maltratadores condenados.

Hoxe podemos dicir que avanza na loita para erradicar as violencias machistas. Aínda así, queda moito por facer para que a atención ás mulleres se realice libre do asistencialismo que as tutoriza, é necesario unha intervención que fomente a súa autonomía e o seu poder de decisión sobre a súa vida. O importante é acompañalas no seu proceso de recuperación, sexa cal sexa a súa duración ou das dificultades que se atopan no camiño, co único fin de que poidan exercer os seus dereitos humanos, en moitas ocasións vulnerados.”

A Comisión informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión ordinaria do 21 de novembro de 2016, quedou enterada.

PRESIDENCIA: Procede a ler a anterior Declaración Institucional a Sra. González González.

Moitas grazas e transmítalle ao Consello que compartimos toda a declaración

institucional dende o Pleno e a nosa loita decidida en contra das violencias machistas nesta cidade, en Galicia, en España.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

PRESIDENCIA: Unha moción que había presentado o grupo Socialista, transformouse nunha declaración institucional do Concello de Vigo asinada polos tres voceiros.

2.1.(192)- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO ADHERÍNDOSE Á DECLARACIÓN DE PARÍS POR UNHA ACCIÓN ACELERADA NAS CIDADES A POÑER FIN Á EPIDEMIA DA SIDA PARA O 2030. REXISTRO PLENO 1464/1101.

ANTECEDENTES.- Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional,

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

“O 1 de decembro de 2014, Día Mundial da Sida, alcaldes de todo o mundo asinaron en París unha declaración para poñer fin á epidemia de SIDA nas súas cidades. Nesa declaración, denominada Declaración de París, os alcaldes comprométense a adoptar una serie de compromisos para acelerar a resposta ó SIDA nas cidades co obxectivo de por fin a epidemia. Entre tales compromisos atópase alcanzar os obxetivos 90-90-90 de ONUSIDA.

Nesta reunión, organizada pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, estiveron tamén presentes o Programa Conxunta das Nacións Unidas sobre o VIH-SIDA (ONUSIDA), o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (ONU-Hábitat), e a Asociación Internacional de Provedores de Atención o SIDA (IAPAC), organismos que, xuntos cos alcaldes, asinaron a Declaración de París.

A Declaración de París de 2014 inclúe o compromiso de centrarse nas comunidades máis afectadas, mobilizar recursos para lograr unha mellor integración de saúde pública a desenrolar, construír e acelerar as estratexias

urbanas en materia de VIH e usar a resposta á SIDA como catalizador de unha transformación social positiva.

Atopámonos nun momento histórico para a resposta o SIDA, Grazas os avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político cuns obxetivos comúns, temos a oportunidade real de por fin ao SIDA a escala mundial para o 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta ó SIDA e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas con miras a alcanzar os obxetivos 90-90-90 en 2020, isto é: que o 90% das persoas que viven con VIH coñeza o seu estado serolóxico; que o 90% dos que coñecen ao seu estado reciba tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento suprima la carga viral.

-Podemos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar mortes relacionadas co SIDA, incluídas as mortes por tuberculoses. Podemos acabar co estigma e a discriminación. Todos os nosos cidadáns deben ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose, que permitan salvar vidas.

Se colaboran, as cidades poden adoptar medidas locais que teñan unha repercusión mundial. Ó aproveitar o noso alcance. infraestrutura e capacidade humana, as cidades crearán un futuro máis equitativo, incluínte, próspero e sustentable para todos os cidadáns, sen importar o seu sexo, idade, situación económica ou social ou orientación e identidade sexual.

Comprometémonos a elaborar un plan de acción e a unirnos nunha rede de cidades co obxecto de facer realidade a presente Declaración. Traballaremos en ampla consulta con tódolas partes interesadas e analizaremos periodicamente os resultados a fin de axustar as nosas respostas para que sexan máis rápidas, intelixentes e eficaces. Apoiaremos a outras cidades e compartiremos as nosas experiencias, coñecementos e información sobre os aspectos que funcionan e os que poden mellorar. Informaremos anualmente sobre os nosos progresos.

ACORDO

- Adherirse a Declaración de París por unha acción acelerada nas cidades e poñer fin así á epidemia da SIDA para o 2030 cuyo texto íntegro se adxunta ao presente Acordo.

- Trasladar o presente Acordo de Adhesión á Declaración de París aos seus promotores e á Coordinadora Estatal VIH -SIDA (CESIDA), así como as organizacións de VIH-SIDA do nos ámbito.

- Autorizar a sinatura de Adhesión á Declaración de París do Alcalde do noso Concello."

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Declaración Institucional presentada polos tres grupos municipais cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(193).- PROPOSTA DE ACORDO DE SUPRESIÓN DUNHA DEDICACIÓN PARCIAL DE 26 E A CREACIÓN DUNHA DE 30 HORAS. EXPTE. 1443/110 (1459/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 11 de novembro de 2016, o concelleiro delegado de Réxime Interior emite a seguinte proposta,

"Proponse ao Pleno o seguinte acordo:

Na sesión organizativa de data 29.06.2015 o Concello Pleno, ao amparo do sinalado no artigo 75, 75 bis e 75 ter da LBRL, estableceu o réxime de dedicacións dos membros da Corporación fixándoo en dez dedicacións exclusivas e cinco parciais de vinteseis horas distribuíndo estas do seguinte xeito: tres o grupo político municipal socialista; unha o grupo político municipal do Partido Popular e unha o grupo político municipal Marea de Vigo. O acordo contempla a posibilidade de dedicacións parciais parciais de dezanove horas e de nove horas.

Necesidades dos servizos recomendan modificar o réxime de dedicación dos membros da Corporación..."

Deseguido o concelleiro delegado de Réxime Interior formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria de 21 de novembro de 2016, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación,

dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Suprimir unha das dedicacións parciais de vinteseis horas correspondente ao grupo político municipal socialista.

SEGUNDO: Crear unha dedicación parcial de trinta horas que corresponderá ao grupo político municipal socialista; importe de 43.704,00 euros a percibir en doce pagas; o importe revisarase na mesma proporción que as retribucións percibidas polos empregados públicos municipais.

TERCEIRO: O presente acordo e a Resolución da Alcaldía na que se determine, a proposta do voceiro do grupo municipal socialista, o membro do seu grupo que realice as súas funcións cun réxime de dedicación parcial de trinta horas publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e na intranet municipal.

CUARTO: Comunicar o presente acordo e a Resolución da Alcaldía que no seu caso se dite á Tesourería municipal."

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(194).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DESAPROBANDO A OMISIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, DA CONEXIÓN EN ALTA VELOCIDADE VIGO-OURENSE POR CERDEDO, NA SÚA TOMA DE POSESIÓN. REXISTRO PLENO 1463/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2016, número 1463/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na intervención de Núñez Feijóo na sesión de investidura como Presidente da Xunta de Galicia, referiuse a alta velocidade ferroviaria, sinalando que pedirá que se completen as actuacións xa planificadas para o horizonte de 2018, para incluír outras novas que tamén son imprescindibles como o AVE a Lugo, e Lugo-Ourense-Madrid. De xeito inexplicable non mencionou a conexión directa de Vigo – Ourense por Cerdedo, cuestión capital para unir a zona máis habitada de Galicia ca alta velocidade. O proceso de actuación para acadar esta infraestrutura, básica para Vigo e a súa área metropolitana, leva paralizado polo goberno central os últimos cinco anos.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- “O Concello de Vigo desaproba a omisión realizada polo Presidente da Xunta de Galicia ao respecto da realización da conexión ferroviaria de alta velocidade, AVE, entre Vigo e Ourense por Cerdedo, e insta aos gobernos central e autonómico a levar a cabo as actuacións necesarias para poñer en marcha tal infraestrutura canto antes, mudando a parálises e o bloqueo efectuado nos últimos anos”.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Todos sabemos da importancia que teñen as infraestruturas de comunicación para un país que quere desenvolverse economicamente ten que ter boas comunicacións tanto aéreas como por estrada vía infraestruturas tamén como o ferrocarril.

Levamos reclamando dende hai moito tempo o trazado do AVE por Cerdedo, un AVE que é imprescindible para un territorio que move a economía dun país, un país que move a economía de Galicia.

Unha pequena reforma deste trazado fixo que volvéramos atrás e esteamos nestes momentos no estudo de impacto medio ambiental, levamos xa cinco anos en estudo de impacto medioambiental. É un tema central tanto para as comunicacións de Galicia como para as comunicacións do Norte de Portugal, a comunicación coa meseta da parte norte de Portugal sempre sería a través de Vigo, a través de Cerdedo e de Ourense-Madrid e non a través de Santiago de Compostela, senón o percorrido levaríase ata Lisboa.

Unha infraestrutura que é fundamental tamén para un territorio que economicamente cada vez se desenvolve de forma máis avanzada, vemos como o Presidente na última comparecencia que fai a súa toma de posesión como Presidente da Xunta de Galicia a todo o mundo e advertirlle cando empezou dicindo que nesta mesma actitude marcará os próximos anos se teño confianza desta Cámara para garantir o bloqueo sufrido por España nos últimos meses que non impida os compromisos do Estado, ten un dos compromisos fundamentais as conexións ferroviarias e neste caso fala da conexión de Lugo, Lugo-Ourense por Madrid e no fala da conexión do AVE por Cerdedo e a conexión de Vigo con Madrid, pensando que isto foi un erro queremos facer dende aquí un chamamento e dicirlle que este AVE é imprescindible para un territorio marcado nos últimos anos por un abandono polas infraestruturas tanto da Xunta de Galicia como do Estado, levamos unha paralización de cinco anos, que si é verdade que ata agora fomos quen de comprender que podería ser derivada pola crise e que tiñamos que ir planificándoa para cando saíramos dela e facer esta infraestrutura, agora xa é tempo de poder facelo.

Vimos como no Plan Estatal de Infraestruturas de Transporte estaba reflectida, queremos que non estea só nun papel, queremos que se pase á acción e non entendíamos entón cando a Sra. Pastor, nos dicía que estaba en Medio Ambiente tan pronto saíse da Área de Medio Ambiente que ela o licitaría, como se a Área de Medio Ambiente dependese doutro partido político ou fose doutra institución distinta ao do goberno de España, cremos que xa chegou a hora de desbloquear esta infraestrutura tan necesaria para un territorio como o norte de Portugal e toda Galicia, unha infraestrutura que fai falla para vertebrar a economía dun territorio como este, unha infraestrutura que leva nestes momentos parada máis de cinco anos e que non se pode nestes momentos consentir, cremos que como está reflectido no plan estatal de infraestruturas do transporte estatal terá que ser pasada nestes casos ós Orzamentos do goberno de España e non só iso, senón tamén que saia xa de Medio Ambiente e pase xa a licitarse polo Ministerio de Fomento.

SR. PÉREZ CORREA: A verdade que todas as omisións que o Sr. Feijóo fai nas súas intervencións no Pleno do Parlamento de Galicia, se todas as súas omisión nos

seus discursos, o que esquece cada vez que intervén pois seguramente non teríamos días de sol para presentar mocións neste Pleno, polo tanto, parécenos bastante curioso que unha omisión nun discurso motive unha moción, e o dicimos en primeiro lugar porque as competencias en materia ferroviaria en todo caso non son da Xunta de Galicia nin moito menos do Presidente, e o que nos teríamos que agarrar este Pleno son ás xuntanzas bilaterais que o Concello de Vigo mantivo co Ministerio de Fomento que si ten competencias en materia ferroviaria, esas reunións que se produciron ao longo de 2106 onde polo menos o Alcalde de Vigo tiña o compromiso enriba da mesa de que esa variante se ía a producir polo menos se ía introducir xa nos orzamentos co estudo técnico e obviamente co estudo de impacto ambiental que si xa se presentara algún e que foi sistematicamente modificado porque non estamos a falar dun tramo precisamente sinxelo e non estamos a falar dunha situación actual precisamente proclive.

Nós non imos a caer no xogo sistemático que durante os dez anos que se leva falando de non como conectar Vigo co AVE, a Galicia non está entrando o AVE está a entrar outra cousa, non hai ningún practicamente tramo que se poida considerar de AVE propiamente dito co que ten que ser o ancho de vía, os picos de velocidades e os tipos de electrificación de vías, está a chegar outra cousa como descubrimos no trágico accidente do Alvia que realmente non estaba inaugurado un tramo de AVE senón que estaba inaugurado tramos de velocidade alta ou tramos de Alvia que moitas veces difire do que polo menos era orixinariamente o proxecto do AVE que como saben vostedes tería que ter picos máximos de velocidade de 310 quilómetros hora, e, polo que vaia chegando do Ministerio de Fomento ese trazado que conectaría co Eixo Atlántico, a bastantes quilómetros de Vigo, polo tanto, non é a entrada do AVE a Vigo senón que é decidir en que punto do trazado do Eixo Atlántico conectamos o proxecto de velocidade altas ou medias que se están propoñendo o Ministerio de Fomento, pois nós seguimos obviamente pensando que ese trazado polo menos para nós presenta varias dúbidas. En primeiro lugar, unha dúbida que non é responsabilidade da esquerda política deste país que significa o que é asumir os criterios de estabilidade de Bruxelas o que significa asumir as receitas de Bruxelas que significa entre outras cousas que hipoteca máis do 50% dos investimentos en Alta Velocidade neste país, non o dicimos nós, dio a Comisión Europea e ameaza sistematicamente con paralizar

gran parte das infraestruturas e proxectos de alta velocidade polo que ten feito este Estado para nós de maneira absolutamente irresponsable, en priorizar os modelos de alta velocidade fronte a integración do sistema ferroviario, iso está significando que por exemplo, calquera investimento de Alta Velocidade en Galicia sexa hoxe en día incompatible co que acaba de expresar o concelleiro que sería a saída sur e que sería a interconexión pola vella liña do Miño e que polo tanto, tódolos cartos que se poña en Alta Velocidade ou velocidade do modelo do Alvia ou do Avant, significa que non imos facer outro tipo de infraestruturas ferroviarias como por exemplo pode ser o que recomenda o Unión Europea sobre o transporte de mercadorías.

Se vostedes están de acordo con esa variante que nós xa dicimos, temos serias dúbidas de que sexamos capaces de licitar en pouco tempo máis de 2.000 millóns de euros xa taxados, vai subindo a cifra de custe dun trazado que o 80% dese trazado vai en túnel ou en viaduto, o que significaría que co nivel de capacidade económica tardaríamos unha media mínimo de dez anos en ter esa variante, busquemos alternativas, investimentos e capacidade, pero pensamos que hai outras alternativas a este modelo que están propoñendo para telo e digo nun prazo normal, 2.000 millóns de euros licitados en obra pública a través do Ministerio de Fomento significa moitos anos que esta cidade economicamente non pode esperar. Polo tanto, nós seguimos pensando que co investimento que se está dando no norte de Portugal e co desbloqueo da Unión Europea dos investimentos podemos empregar a liña vella do Miño, podemos empregar a saída sur e podemos facer conexión directa dunha velocidade media que non ten porque ser necesariamente AVE, con Ourense e habilitar obviamente a saída a Madrid, que por certo tamén parada a conexión de Galicia con Zamora tamén parada, polo tanto hipotecado tamén todo o futuro ferroviario de Galicia sen ter alternativas ao modelo do AVE que como vostedes saben non é practicamente rendible en ningún dos seus tramos. Polo tanto, queremos amosar a nosa abstención nesta moción polas dúbidas que para nós ten este proxecto.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Regades que son vostedes expertos en sacar confrontación e facer xurdir un problema onde non hai e onde hai unha absoluta unanimidade ía dicir antes de escoitar ao Sr. Pérez, agora teño que dicir

onde hai un absoluto acordo dende logo polo que se refire á opinión e á vontade do Partido Popular en relación coa variante de Cerdedo, e son vostedes expertos nesas cortinas de fumo porque probablemente o que queren é que se fala desas cousas, sobre as que, insisto, non hai ningunha dúbida da intención do Partido Popular de sacalas adiante para que non se falen doutras cousas que si que pasan en Vigo, para que non falemos de que teñen vostedes tódolos contratos paralizados, que non son capaces de sacar ningún adiante, o último “o das luces do Nadal” que veremos todos os próximos días porque son vostede incapaces de quitar adiante un Plan Xeral porque non son vostedes incapaces de aprobar e executar un orzamento, e como non queren que fale das cousas que preocupan aos vigueses e do día a día sacan vostede da chistera mocións como esta que son sinceramente bastante lamentables porque queren vostedes desaprobado algo que realmente non ocorreu, e ademais nun tema no que vostedes deberían estar bastante calados porque é que verá, os vigueses se que teñen memoria e saben perfectamente cal foi o seu papel no tema da variante por Cerdedo e cal foi o papel protagonista que tivo o Alcalde de Vigo ao longo dos últimos anos neste tema, non só durante os anos de goberno do Partido Popular que era moi valente para reclamar esa variante por Cerdedo Sr. Alcalde, senón cando gobernaba o Partido Socialista, os seus compañeiros, e é que a verdade vostede non resiste a hemeroteca, non resiste que tiremos de hemeroteca, que vexamos tódalas noticias que dixo vostede en relación coa variante de Cerdedo porque sinceramente é para facerlle reflexionar. Simplemente vou citar unhas poucas doutras moitas que podería dicir, a primeira vez que vostede fala do AVE por Cerdedo é en xaneiro do 2007, empeñaba vostede por primeira vez a súa palabra, lémbrolle que co goberno Socialista no goberno de España, na prensa local podíamos ler titulares como “Caballero renuncia a súa candidatura se Fomento non garante o AVE por Cerdedo”, Faro de Vigo 16 de xaneiro de 2007, na mesma data, “Caballero promete deixar de ser candidato en Vigo senón se fai a liña directa a Madrid”, La Voz de Galicia, o Atlántico Diario, “Abel Caballero renunciará a ser candidato se Fomento no garante a Alta Velocidade”, a partires de aí unha serie de declaracións continuas ano tras ano do goberno dos seus colegas do Partido Socialista nos cales non tiñamos absolutamente nada, nin un só avance, nin o AVE chegando a Vigo, nin do Eixo Atlántico, nin por suposto da variante por Cerdedo. Que raro que a eses

Plenos no seu día non levara vostede a desaprobación das súas propias palabras porque era incapaz de conseguir que o seu goberno amigo, fixera algo por Galicia, tivo que chegar un goberno do Partido Popular para que se pasaran das palabras aos feitos, tivo que chegar un goberno do Partido Popular cunha ministra galega que realmente se preocupaba por Galicia e por Vigo para que chegara o AVE, o Eixo Atlántico a Vigo, tivo que levar un goberno do Partido Popular para que realmente se impulsara e se seguira coa tramitación do AVE por Cerdedo, por certo, Sr. Regades, a tramitación ambiental, ese cambio ao que vostede se refería non o fixo o goberno do Partido Popular, deixouno preparado e xa feito o goberno do Partido Socialista e o único que se fixo é continuar coa súa tramitación. Pero dúbidas da intención do Partido Popular? Ningunha, de levar adiante este proxecto porque igual que levou adiante o Eixo Atlántico, igual que levou adiante e que agora si que temos unha data certa de chegada do AVE a Galicia, igual que agora temos unha adxudicación para facer a estación de Tom Mayne en Vigo, tamén chegará o AVE por Cerdedo. Eu lles pido que de verdade se deixen de “marrullerías”, de discutir sobre o que non hai ningunha dúbida e poñámonos todos a traballar para o mesmo obxectivo, por iso lle quero propoñer Sr. Alcalde unha emenda “in voce” para que se vexa realmente que o Pleno do Concello de Vigo apoia de forma indubidable este tramo e o AVE por Cerdedo, non para entrar en confrontacións políticas estériles que non lle interesan aos cidadáns, senón para traballar en positivo. Por tanto, propóñolle que cambiemos o texto que se vota porque realmente iso non é o que dixo o Presidente da Xunta de Galicia, dicindo que o Concello de Vigo e o seu Pleno insta á Xunta de Galicia a ao Goberno Central a continuar levando a cabo as actuacións necesarias para poñer en marcha a conexión ferroviaria de Alta Velocidade Vigo por Cerdedo canto antes, esa é a nosa emenda, esa é a nosa proposta para votar conxuntamente e apoiar a infraestrutura tan importante para a cidade senón estarán na confrontación estéril.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade, claro que se di que nós confrontamos a intervención que manteño e expoñendo esta moción, unha moción tranquila, sosegada e vostede nos vota a bronca de todo e empeza a poñer cualificacións, en cuestión ao Alcalde, creo que ese non é o camiño, eu a verdade é que me estraña moito que sea a actitude que teñen de consenso, de chegar a acordos que sexa

esa. Eu voulle dicir unhas cousas dende a tranquilidade, como sempre so facer, tódalas infraestruturas que se fixeron por parte do Ministerio de Fomento nesta cidade fixéronse en gobernos do Partido Socialista e comprometida por accións do goberno socialista, o Partido Popular non tivo nin unha iniciativa para facer nada na cidade de Vigo, ningunha, o AVE, vostede échese a dicir que chega a Galicia, non chega a Galicia, chega a unha parte de Galicia, vostede non pode seguir dicindo o que lle din dende Santiago de Compostela, non, vostede é concelleira de Vigo e ten que defender a cidade e o AVE non chega a Galicia, chega a unha parte de Galicia, a Vigo non chega, e vostede aínda me da máis argumentos cando me dicía o estudo do impacto medio ambiental non é unha acción nosa, xa se anunciou na última etapa do mandato do Sr. Zapatero, pero vanme dicir que vostedes despois de cinco anos no goberno non foron capaces de sacar o estudo de impacto medioambiental este AVE por Cerdedo? Manda carai, o que hai que oír! Como diría un amigo meu, o oír é forzoso. Este goberno leva reclamando o AVE directo por Cerdedo dende hai moito tempo, governe en Madrid o PSOE ou o Partido Popular, danos igual e o compromiso deste AVE que chega a Vigo é porque este Alcalde se puxo enfronte e conseguiu que chegase o AVE a Vigo, eu entendo que lles poña nervioso pero os únicos logros que se teñen nesta cidade é por impulso deste goberno e deste Alcalde, non só iso, iso foi o que garantiu a entrada do AVE. Vostedes lémbrense cando xa debatemos neste Pleno, cando vostedes se mofaban de cando o AVE entraba en trincheira e lles dicíamos que o AVE en Vigo tiña que entrar en túnel, que se rían de nós e nos dicían, “imos coller un ascensor e imos baixar para coller o túnel para que o AVE entre en Vigo polo túnel, lémbrense diso? Aí están as hemerotecas, hoxe en día entra o AVE por túnel á cidade de Vigo e fai que un barrio como o de Teis non teña unha ferida máis grande da que tiña con esa entrada desta liña ferroviaria.

Señores de Marea de Vigo, vostedes que nos falen de que economicamente o AVE non é rendible pois eu non sei se o AVE non é rendible ou é rendible, pero é rendible para Santiago de Compostela, para A Coruña? Entón eu quero igualdade de condicións, isto é como o das axudas aos avións, se non hai axudas que non haxa para ningún porque nós competindo somos mellores.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Entendo que non acepta a emenda.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove abstencións dos membros do grupo municipal do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2016 (Rex. Nº 1463/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(195).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO ADHERIRSE Á DECLARACIÓN DE PARÍS POR UNHA ACCIÓN ACELERADA NAS CIDADES DE POÑER FIN ASÍ Á EPIDEMIA DA SIDA, PARA O 2030. REXISTRO PLENO 1464/1101.

Esta moción converteuse na declaración institucional exposta no punto 2.1.

6(196).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CORRIXIR TÓDALAS DEFICIENCIAS EN INFRAESTRUTURAS VIARIAS E DE SEGURIDADE NOS ACCESOS E VIARIOS INTERNOS DO NOVO HOSPITAL DE VIGO. REXISTRO PLENO 1465/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2016, número 1465/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En outubro do pasado ano, o Pleno desta Corporación aprobaba unha moción instando á Xunta de Galicia a corrixir as deficiencias en materia de seguridade viaria no Novo Hospital de Vigo e a garantir a gratuidade dos dous parkings.

Un ano despois, o Goberno da Xunta de Galicia mostrou unha total insensibilidade cara ao problema que sofren diariamente os traballadores e usuarios do Novo Hospital de Vigo.

Tamén neste tempo demostrouse o acertado do diagnóstico que faciamos nesta moción e a necesidade de que se cumpra o acordado neste Pleno.

Pasadas as eleccións autonómicas e constituído o novo Goberno da Xunta de Galicia, este Pleno debe reiterar esta petición que é unha necesidade absolutamente imperiosa. Por informacións de prensa, ata a propia Concesionaria está a valorar o cambio de ordenación de tráfico que no seu momento decidiu de forma unilateral e que se demostrou, na súa estrutura e distribución, absolutamente ineficaz.

A demanda da gratuidade do parking é o clamor de toda a cidadanía que rexeita un copago á saúde, que é no que se converteu esta decisión da Xunta de Galicia que aínda non foi anulada.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a corrixir todas as deficiencias en materia de infraestruturas viarias e de seguridade viaria nos accesos e viarios internos do Novo Hospital de Vigo, garantindo a total gratuidade dos dous parkings, ubicados en consultas e urxencias, do devandito Hospital como medida inmediata.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos hoxe a mesma moción que foi aprobada no Pleno de outubro do ano pasado, e a traemos co seu mesmo texto porque un ano despois estamos na mesma situación diría en principio pero creo que estamos peor aínda e traémola porque é unha reclamación dos vigueses que permanece e dende logo

nós non imos retroceder nesta reivindicación que insisto é de tódolos vigueses que é xusta e que non está sendo atendida e non imos retroceder nesa demanda. Neste ano que transcorreu dende outubro do ano pasado o goberno da Xunta de Galicia foi absolutamente insensible co que se aprobou neste Pleno e por iso reiteramos como dicía a nosa esixencia que é a dos vigueses.

Hoxe, estamos nunha nova situación política, houbo unhas eleccións, hai un novo goberno en Galicia e polo tanto cremos que dunha vez por todas débese aceptar a nosa proposta que xa facíamos en outubro do ano pasado e que hoxe é máis necesario que nunca porque hai que volver a utilizar os mesmos argumentos, hai que volver dicir que o proxecto do novo hospital de Vigo foi unha decisión unilateral da Xunta de Galicia, sen consultar absolutamente con ninguén a parte de converter un hospital público nun hospital privado e que o diagnóstico que facíamos na moción do ano anterior e que hoxe reiteramos cumpriuse, xa se estaba a cumprir no pouco tempo transcorrido dende a inauguración dese hospital e ese diagnóstico cumpriuse de forma absolutamente dramática durante este ano, porque ademais ese binomio da Xunta de Galicia coa concesionaria que fai a este hospital privado recoñéceo, o caos é absolutamente diario e provén de como se proxectou este hospital, tódolos días podemos ir a velo, só fai falla acercarse a horas moi concretas para ver que é un auténtico caos que padecen os traballadores e os usuarios do hospital, fíxense se é un auténtico caos, como todo o mundo sabemos, que por informacións de prensa, nunca con carácter oficial, dise que ese binomio Xunta de Galicia-concesionaria, está propoñendo ordenar o tráfico doutra maneira, e quero determe aquí, porque isto que é seguro que é unha proposta da Xunta de Galicia e da concesionaria, demostra dúas cousas, a primeira que se están intentando modificar algo que no seu momento propuxeron e fixeron, avala totalmente a nosa teoría de que foi totalmente unilateral, que non se consultou con este Concello, de que toda aquela ordenación é un auténtico caos e foi decisión estrita da Xunta de Galicia coa concesionaria, e demostra tamén o recoñecemento dese caos ao que me estou referindo para todos.

Polo tanto, eu creo que é o momento, en política ás veces hai que entoar a “mea culpa”, hai que pedir perdón, cando as cousas se fan moi mal, cando as cousas afectan tanto aos cidadáns e a Xunta de Galicia ten que pedir perdón. Procedo a pedir á Xunta de Galicia que pida perdón o que pasa que sabe o que pasa, que

realmente sería bo que quen pedira perdón fose vostede, porque vostede ten tanto arte e parte nesta cuestión de converter un hospital público en privado, que sería conveniente que vostede pedira perdón porque en orixe tódolos males dos que estamos a falar, os ten vostede, e moitas veces dixo que me ía contestar ao que eu lle repetín en moitas ocasións aquí e aínda estou esperando.

Conclúo, pedimos que se melloren e se ordenen as infraestruturas, pedimos que os dous aparcadoiros sexan gratuítos e tamén que as dúas parcelas que están ao carón do hospital que xa se utilizaron como aparcadoiro, se utilicen para solventar este caos que xa leva un ano.

SR. PÉREZ CORREA: Non sei se perdón, porque o perdón como a culpa son conceptos moi filosóficos, pero hai que pedir desculpas en política moitas veces, entre outros moitos caos que ten este hospital a maior parte deles van condicionados pola súa apertura, este Concello tiña capacidade de impedir a apertura deste hospital e de presionar ata que este hospital fora do 100% público, garantido nas súas escrituras entre outras cousas porque gran parte da infraestructura está agora mesmo ou forma parte do capital patrimonial dunha sociedade privada, pero aquí houbo un acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista para sacar adiante uns orzamentos no ano 2014 que incluía os accesos a este hospital, non se cita ao hospital que será parte do pacto pero incluía os accesos, acometidas eléctricas e determinadas modificacións no barrio de Beade para permitir a apertura deste hospital, esa é a realidade que os accesos a este hospital sempre foron caóticos, dende o primeiro momento que se permitiron as acometidas eléctricas e determinadas infraestructuras de acceso a raíz dun pacto para quitar adiante os orzamentos do ano 2014, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, eses accesos caóticos que os veciños/as empregaron moitas veces para aparcar porque un Alcalde lle dixo que aí non se ían poñer multas, porque eran viais privados, iso está nas hemerotecas tamén, polo tanto, o Alcalde debería pedir perdón as case 1.600 multas que están a chegar en toda a Área Metropolitana porque alguén dixo que non se ían poñer multas, e dixo que non se ían poñer multas porque eran viais de accesos privados. O que non se contaba era que unha concesionaria ía actuar de oficio denunciando á propia concesionaria en calquera dos viais, sexan de acceso, sexan da infraestructura interna do hospital e que case

1.600 veciños nestes días, con efecto retroactivo, están a recibir as multas. Eu entendo a posición deste Concello de ter que poñer multas, porque senón sería prevaricar porque por esa regra de tres tamén pidamos que aquí a xente que ven facer un trámite como non ten ningunha alternativa de aparcadoiro público tamén haxa unha especia de deixar facer na cuestión dos aparcadoiros. Eu entendo que este Concello tivera que poñer multas, pero tamén hai que pedir perdón cando se di que non se van poñer.

Os accesos deste hospital, desastre, a propia situación do hospital, desastre é certo que eran terreos de fácil expropiación, que era outra vez someter o eixo que divide Beade-Valladares a unha presión urbanística co polígono e agora co hospital, eu entendo que naquel momento non houbo unha presión social forte para situar o hospital noutra zona, sobre todo calculando os tempos de tránsito que invalidarían a situación que se da en Teis onde hai tránsitos que duran máis de 40 minutos ao hospital. Pero logo as alternativas, nós presentamos unha moción hai un ano pedindo, sabendo que a Xunta de Galicia non vai a poñer gratuítos os aparcadoiros porque isto é unha explotación privada e que polo tanto forma parte do beneficio lúcrante da concesionaria e que se puxeran gratuitamente os aparcadoiros, significa que pagaríamos á Xunta de Galicia pola outra vía, que sería pagar en diferido os veciños/as Vigo, e mentres non había iso e esa posibilidade non se daba hai un ano, que este Concello tiña que buscar alternativas, como fan moitos concellos ante a ofensiva do Partido Popular de privatizar os servizos públicos e polo tanto buscar alternativas dende o municipal, asumindo competencias que efectivamente son impropias. Votouse en contra desa moción, nos días despois aparece unha finca e vostedes din que a pesares de que non teñamos memoria ou teñamos memoria de peixe, votamos en contra da moción da Marea de Vigo pero imos facer un aparcadoiro municipal para loitar contra o modelo sanitario do Partido Popular, meteron nos orzamentos medio millón de euros que non se executaron, non sabemos por que durante un ano non se puido facer ese aparcadoiro, queremos sabelo, presentar o proxecto si que se fixo, fíxose un anuncio orzamentario de medio millón de euros, e neste exercicio volven vostedes a meter ese medio millón de euros e polo tanto, estando de acordo coa moción, nós queremos que eses aparcadoiros sexan gratuítos, non nos corresponde a nós facelo, a Xunta de Galicia, tivemos unha oportunidade para

sacar ao Partido Popular do goberno, non fomos quen, e polo tanto, o Concello ten que actuar como medida paliativa sacando adiante ese aparcadoiro gratuíto e facendo mobilizacións para que a Xunta de Galicia ceda e acabe asumindo non poñendo gratuítos os aparcadoiros que non solucionaríamos senón unha parte pequena do problema, senón revertendo ao público todos e cada un dos servizos hospitalarios ou parahospitalarios que están dentro dese ámbito, ou sexa, o 100%, non só os aparcadoiros senón o resto do servizos, e para iso hai que rescatar a concesión ou cando menos iniciar tódalas penalidades do contrato para rescatala a custe cero desa concesionaria privada que a xestiona. Polo tanto, mentres tanto non presentemos mocións deste tipo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, quen debería pedir perdón por ter posto en perigo a seguridade das persoas é vostede, quen debería pedir desculpas por ter alimentado o incumprimento das normas de tráfico e seguridade é vostede que ademais é paradoxalmente o concelleiro de tráfico e seguridade deste Concello, miúda irresponsabilidade, desvergoña, non sei como ten a cara dura de traer esta moción ao Pleno, novamente, 17 concelleiros só lles vale para cortar e pegar unha moción do ano pasado volven traela ao Pleno, coa mesma petición, ata o recoñecía vostede na súa moción o ano pasado, o caos diario pode impedir nun momento determinado o acceso dunha ambulancia á zona de urxencias, fíxese vostede a gravidade do asunto, como se pode comprobar día a día os conflitos que se dan entre peóns, automóviles, autobuses e ambulancias, dicíao vostede, pero para dicir tantas mentiras seguidas sobre o hospital, porque seguen mentindo e mentindo sobre o hospital e non se cansan e por iso pasaron de 25 deputados en 2009 a 18 deputados en 2012 e a 14 deputados en 2016, di que hai un novo tempo, pois no novo tempo a ver se espabilan e dánse conta que quen trouxo o novo hospital a Vigo foi o Partido Popular, e iso non o soportan e non imos pedir desculpas dende o Partido Popular por ter construído un hospital, o hospital que Vigo necesitaba. Tódalas acusacións que están vertendo e seguen vertendo acerca do hospital son absolutamente falsas, e vostede mente permanentemente, ninguén o cre.

O único que actuou de maneira negligente no asunto do hospital e do tráfico e da seguridade dos viais é o Alcalde, o único que puxo en perigo a seguridade das

persoas foi o Alcalde, coa súa soberbia e a súa prepotencia habitual fartouse de dicir nos medios de comunicación que non se porían multas nos viais de acceso ao hospital e para iso utilizou argumentos moi “variopintos” como que se era unha estrada privada, que se non tiña competencias, etc., esta idea de non sancionar as infraccións no hospital tiña o obxectivo de sempre, que é xerar un conflito institucional, votarlle as culpas á Xunta de Galicia, aínda que fose a custe de provocar un caos circulatorio e de poñer en risco a seguridade da xente que ten que ir ao hospital, sobre todo vehículos de emerxencias e ambulancias, é dicir, aínda que fose a costa de poñer en risco a vida e a saúde de centos e centos de cidadáns de Vigo, tivo que actuar a Fiscalía ante unha denuncia do SERGAS para que estes argumentos que se cansou de dicir o Alcalde, utilizados para dar cobertura a unha decisión irresponsable e temeraria do Alcalde, fosen desacreditados non só pola Fiscalía senón tamén polos informes da Dirección Xeral de Tráfico e do avogado do Estado, agora si o Alcalde xa multa, ademais por infraccións cometidas con datas anteriores ao informe da Fiscalía, o problema é que o Alcalde coas súas irresponsables declaracións nos medios de comunicación induzo a erro a miles de cidadáns facéndolles crer que era posible aparcar alí, por que os multa agora? Porque entroulle o medo, porque lle dixo á Fiscalía que poderían derivarse cuestións penais de persistir na súa conduta, non lle multa vostede igual que multa aos dous radares que puxeron alí dicindo que Clara Campoamor non é vial da cidade, é un vial da cidade e ben que fan caixa coas multas de Clara Campoamor, e o accidente do tren, que puido ter pasado? Estaba colapsado o hospital.

SR. LÓPEZ FONT: A demagogia do Sr. Fidalgo, é absolutamente infinita á hora de misturar aínda por enriba o accidente ferroviario, pero se vostede quere matar ao mensaxeiro a min non me importa, todo o mundo sabe que a gravidade de todo o relacionado co hospital corresponde á Xunta de Galicia, dende a sanitaria cando os técnicos de laboratorio nos dixeron aquí que poñía en perigo a vida dos cidadás e dende a seguridade vial cando vostedes o que fixeron foi uns viais que só conducen a entrar nuns aparcadoiros privados, polo tanto non mate ao mensaxeiro, eu relatei o que pasa aquí diariamente do que vostede fixeron e vostedes fixeron un hospital privado cuns malos viais, pero claro que repito a

moción do ano anterior, por suposto. Dunha vez por todas, os cidadáns sábeno ben e esta é a parte que a vostedes máis vergoña lles debería dar, isto é un expoñente por non vir con todo o expediente de quen puxo as multas aos cidadáns. Mire, concesionaria do novo hospital de Vigo, isto son todo folios onde figuran denuncias voluntarias da sociedade concesionaria do hospital, con nomes e apelidos de dous xerentes, que son D^a Yolanda Cañedo Fariñas e D. Ignacio Estevan Blanco, pero sabe o que pasa que a Fiscalía é outra historia distinta ao que vostede di, a Fiscalía dicía que eu prevaricaba e a Fiscalía dixo que non pero volvo aquí, da primeira á última multa do hospital é responsabilidade da sociedade concesionaria porque é o mesmo exemplo que se vostede aparca nunha praza de discapacitados e eu denúnciolle, isto son as denuncias do Sr. Feijóo, porque Sr. Fidalgo, vouno retar a unha cuestión, busque unha soa denuncia formulada por un policía local deste Concello, ningunha, dáme o mesmo o número que diga, todas estas son da Xunta de Galicia. Polo tanto, é tan sinxelo como que os cidadáns saiban que as multas as puxo a Xunta de Galicia utilizando á sociedade concesionaria, a única diferenza sabe cal é, que este goberno cumpre coa lei a diferenza doutros gobernos de vostedes que non o fan, e están permanente instando a que non cumpramos a lei e estas son as multas do Sr. Feijóo.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. González Sánchez)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2016 (Rex. Nº 1465/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(197).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCLUÍR NOS SEUS ORZAMENTOS DO 2017, UNHA PARTIDA IDÉNTICA Á QUE FIGURA NOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE VIGO 2017, AO OBXECTO DE CUBRIR OS PATIOS DOS CENTROS EDUCATIVOS DA CIDADE. REXISTRO PLENO 1466/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2016, número 1466/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"No Pleno ordinario correspondente ao mes de setembro do presente ano, este Pleno aprobou unha moción instando á Xunta de Galicia a cubrir os patios dos centros educativos públicos desta cidade.

Na devandita moción resaltabamos os recursos que este Goberno Municipal dedica á Educación a pesar de ser unha competencia da Xunta de Galicia.

Ese compromiso materializouse nos Orzamentos para o ano 2.017 aprobados inicialmente na sesión do pasado 21 de novembro.

Se naquela moción reclamabamos o compromiso que a Xunta de Galicia debía adquirir coa cidadanía de Vigo, hoxe debemos reiteralo unha vez constituído o novo Goberno da Xunta de Galicia e unha vez que predicamos co exemplo nunha competencia que non é nosa.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos do próximo ano 2.017 unha partida idéntica á que figura nos Orzamentos do Concello de Vigo para 2.017 ao obxecto de cubrir os patios dos centros educativos da cidade de Vigo."

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Antes de nada, onte 27 de novembro, foi o día do mestre, dende aquí felicitacións a tódalas mestras/es que día a día adican o seu esforzo a acadar unha educación de calidade.

O deporte é unha actividade cada vez máis demandada polos cidadáns, e aquí o meu compañeiro o Sr. Fernández Pérez sabe moito disto, a súa incorporación á vida cotiá é un reto constante porque incide directamente nunha mellor calidade de vida e convértese nunha expresión do desenvolvemento e benestar dunha sociedade, só temos que mirar a nosa cidade nestes últimos anos. Este goberno co seu Alcalde á cabeza favoreceu e está a favorecer e continuará favorecendo a práctica deportiva das viguesas/es, facilitando espazos deportivos próximos ao cidadán e actuando como impulsores de novas actividades e hábitos de vida saudable, pero iso implica maior número e diversidade dos usuarios, máis demanda de espazos deportivos, maiores esixencias de calidade, seguridade e accesibilidade nas instalacións, novas modalidades deportivas, etc.

A práctica deportiva incide directamente sobre a saúde, a autoestima persoal e as relacións, de aí que as instalacións deportivas se convertan nun elemento clave para a calidade de vida e esas instalacións deben estar o máis preto posible da cidadanía, e para os nenos/as da nosa cidade o seu centro educativo é o seu lugar de referencia e aquí estamos nas infraestruturas educativas, nos colexios, na educación.

Os danos producidos polos recortes en educación ao longo destes anos son tan graves que supoñen un retroceso histórico, desapareceron moitas accións educativas, empeoraron os servizos, se deterioraron as condicións laborais do profesorado destruindo emprego público e perda de dereitos adquiridos, se deixaron deteriorar as infraestruturas educativas dun xeito alarmante, pero xusto neste ano, en pleno período electoral, anúncianse investimentos educativos, un plan de inversión ata o 2020, pero isto non choca co pacto de estabilidade e crecemento comprometido polo Sr. Rajoy coa Unión Europea que marca unha redución do gasto educativo ata o 3,7% do PIB para o 2018? Isto traducido en

euros supón que ese pacto de estabilidade compromete unha redución de 4.000 millóns de euros, redución, recorte, 4.000 millóns, a min non me saen as contas, incompatible cumprir os dous compromisos.

E mentres tanto as comunidades educativas reclamando a cubrición dos seus patios de recreo, porque cando chove e aínda que na nosa cidade teñamos un tempo estupendo tamén chove e cando iso sucede os nosos escolares non poden saír ao recreo ou non poden desenvolver as actividades de educación física porque os ximnasios escolares, a maioría, non dan resposta polas súas dimensións e condicións a esta actividades. Un estudo realizado por unha marca comercial desvela que o 49% dos nenos españois de entre 5 e 12 anos, porcentaxe que equivale a máis de dous millóns de nenos de España, pasan menos dunha hora ao día ao aire libre, menos tempo do que pasa no exterior un preso de máxima seguridade a diario. O Alcalde a pesares de non ser unha competencia municipal, e só pensando no benestar das nenas/os vigueses, acadou un compromiso coa comunidade educativa, e ese compromiso está reflectido nos orzamentos do ano 2017, 570.000 euros para a cubrición de patios de colexios.

O que pedimos hoxe é moi sinxelo, e que figure esa mesma cantidade, cando menos, nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2107, primeiro, porque é a súa responsabilidade, segundo, porque os colexios de Vigo así llo veñen reclamando e terceiro porque as nenas/os vigueses reclaman unha mellor calidade na súa vida e da súa educación.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dende o grupo da Marea de Vigo imos votar a favor desta moción como xa fixemos na que o Partido Socialista presentou no mes de setembro que ía no mesmo senso. O que non entendemos moi ben é porque no acordo da moción pon que o orzamento que a Xunta de Galicia debe adicar a estas obras teña que ser idéntica a que adica o Concello de Vigo, porque nós entendemos que a Xunta de Galicia terá adicar a partida que sexa necesaria para resolver este problema e dende logo deberá ser máis ampla que a que lle adica o Concello de Vigo, pois ben é sabido que a competencia nesta materia é da Xunta de Galicia, en todo caso o Concello podería completala como así o ben facendo nalgunha ocasión se o que a Xunta de Galicia adica non fose suficiente, máis nunca substituíndo ao deber competencial que a outra administración lle

corresponde e que así se lle debe esixir, totalmente de acordo co que acaba de dicir a concelleira e sen máis que dicir.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Antes de nada quería saudar aos alumnos do Aloia e a súa directora que están aquí no Pleno, benvidos.

Presentan a mesma moción, como dicía a concelleira de Marea de Vigo que no Pleno anterior, con algunhas correccións algo que do que nós nos congratulamos porque o anterior case non era presentable, dicía como mínimo algo do que fixera o Alcalde, era un patio. O mes pasado instaban a cubrir cando menos un patio por parte da Xunta de Galicia, agora instan a incluír a mesma cantidade nos orzamentos autonómicos que nos orzamentos municipais para a cobertura de patios, tamén o dicía a concelleira de Marea de Vigo, un pouco máis de rigor, e o que lle pedimos é un pouco máis de rigor nas súas mocións despois de explicar o por que. En segundo lugar, clarexar que a efectividade e a eficiencia da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas educativas na cidade de Vigo é absoluta e queda patente coa cantidade de accións que se teñen levado a cabo neste últimos catro anos, oito anos coas previsións de tódolos investimentos que se van facer ao longo da seguinte lexislatura. Sempre atendendo as necesidades máis inmediatas e as demandas máis urxentes, que non lles caiba ningunha dúbida, e ademais incluíramos xa a mesma cantidade que se inclúe no orzamento municipal, pois estaríamos reducindo a partida que a Xunta de Galicia ten prevista para o vindeiro ano, polo tanto, é mellor que quede así porque supera os dous millóns de euros.

Entón por iso referíame ao rigor primeiro, porque non queremos baixar a contía que a Xunta de Galicia vai adicar aos colexios de Vigo porque xa é unha contía superior á que está nos orzamentos municipais e porque ademais gustaríanos ter unha planificación concreta e clara e da efectividade das obras que se fan porque si é verdade que estamos tamén a favor de cubrir os patios e que é boa práctica a do deporte, pero gustaríanos saber moi ben en que centros se vai destinar e como se van facer as obras porque a única cobertura que fixeron en Vigo con cartos do Plan E foi a do Castelao de Navia e sen ánimo de criticar demasiado non é suficiente porque tanto profesores como pais piden que haxa unha maior protección porque cando chove non saen tampouco á pista porque non está ben feita esa obra e non está cuberta como debería xa que a choiva entre igual polas

zonas laterais.

Polo tanto, se van facer tódalas obras así pois mellor que se pense un pouco, se replante o tema e se fagan dun mellor xeito para que sexan obras duradeiras e que realmente palién o problema.

En segundo lugar, gustaríame lembrar que a Xunta de Galicia leva investidos en Vigo máis de 15 millóns de euros en infraestruturas educativas e non vai parar de investir, a Xunta de Galicia vai seguir investindo en infraestruturas educativas e vai aumentar as partidas orzamentarias porque a situación económica o permite e porque así teno comprometido a propia Xunta de Galicia que revalidou a súa lexislatura nas anteriores eleccións do 25 de setembro apoiada pola maioría dos galegos. Polo tanto, son cantidades que superan os dous millóns de euros, non nos gustaría reducila, que se inclúa nos orzamentos municipais porque é unha contía determinada pero a Xunta de Galicia xa ten proposto pois un investimento maior.

Teremos que lembrar de novo tódalas actuacións que se fixeron de cubertas, ampliación de aulas, reparación de fiestras, mobiliario, chans, portas, despachos, ampliacións completas de centros, comedores escolares, si é verdade que era necesario e a Xunta de Galicia está sempre atendendo e está preto da comunidade escolar e dos alumnos que é o principal.

A Consellería de Educación cumpre coa súa obriga, atende os seus compromisos que ten e este Concello mira para o outro lado, no caso por exemplo do Colexio Altamar, por exemplo, vostedes sempre lle deron as costas e agora acaba de quedar un colexio mellor do que estaba gracias ás obras que a Xunta de Galicia fixo alí.

Nós non imos apoiar esta moción porque a Xunta de Galicia ten presupostados millóns de euros xa para atender ás necesidades dos centros educativos de Vigo, e da propia comunidade educativa e dos alumnos, neste último curso máis dun millón de euros investidos en reparacións múltiples en centros de primaria e secundaria, teño aquí as táboas de tódalas obras que seguramente irán incrementándose a medida que vostedes vaian presentando mocións no Pleno porque xa debido ás mocións referentes aos centros públicos e que vostedes presentan neste Pleno, teño que traer sempre o listado das obras e noto que ademais cada vez que vai pasando os meses, vai incrementándose os cadros, van pasándome aínda máis investimentos que fai a Xunta de Galicia en Vigo. Polo

tanto, e comecei cun cadro de obras e xa da anterior lexislatura ata o de agora está bastante aumentada e así vai seguir, o ritmo de reparación e infraestruturas non se vai abandonar pola Xunta de Galicia, todo o contrario, vai incrementarse, ese é o noso compromiso, ese é o compromiso do Conselleiro de Cultura.

Gustaríanos saber como é e en que centros se vai investir esa partida orzamentaria e por exemplo, pois xa preguntar directamente aquí que pasa coa sala de lectura en Navia que non aparece en ningunha parte do Orzamento e que é un compromiso tamén feito, e non teñan dúbida de que os orzamentos da Xunta de Galicia incluírán unha partida bastante máis ampla, insisto, e non teñen que dicirnos aquí como teñen que facerse as cousas, un pouco de humildade pedímoslle tamén, porque a Xunta está a actuar na comunidade educativa con coherencia, con prioridade e con sensibilidade coa comunidade educativa, coa sensibilidade cos alumnos e polo tanto un pouco de humildade tamén para recoñecer que en educación, en materia educativa a Xunta de Galicia está a cumprir con creces.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Se pretende que lle aplaudamos o que teñen que facer pois non, non porque voulle dicir moi breve cal é a realidade, a realidade é que o profesorado comparte co alumnado espazos educativos en estado lastimoso de conservación, aínda que dende o Concello se cambiaron baños, pavimentaron e pintaron pistas, traballouse na accesibilidade, fixéronse comedores e un longo etc., segue habendo cubertas que cambiar, sistemas de calefacción totalmente obsoletos, caldeiras con perdas e ruídos, fiestras e portas sen illar, falsos teitos de fai 40 anos, instalacións eléctricas que non responden a demandas actuais, notables carencias nas instalacións deportivas, problemas que poden afectar tanto a saúde como a seguridade do alumnado vigués, iso é todo o reclama, cal é o problema? Que vostedes non escoitan, como concelleiros que tamén tiñan que transmitir, e o conselleiro de Educación non escoita á comunidade educativa, non a teñen en conta, pero este Concello si por iso ten nos seus orzamentos e vai cubrir aqueles centros que pediron a súa cubrición porque o Alcalde está neses centros e escoita a esas comunidades que é o que non lle pasa a vostedes e cubrimos co que tiñamos, a pista fantástica e funcionando de forma fantástica, lémbrolle que non é un pavillón deportivo é unha pista cuberta, pero que vostedes

tiveron a oportunidade, hai catro anos renovaron un colexio na nosa cidade porque naquel momento non pensaron que podería chover para que os nenos saíran ao recreo, catro anos, porque tamén lle estou a falar de infraestruturas educativas que teñen máis de 30 anos, que pode ser que no seu momento non se pensara pero que hai catro anos renovaron un colexio, aí non pensaron que lle facía falla cubrir unha estrutura para saír ao recreo? Están facendo tan ben as obras que é difícil. O problema é que cando a comunidade educativa reclama todo isto sabe como lle contestan? “Vouche mandar algo de cartos e apáñate, búscate a vida”, iso é a contestación que temos a comunidade educativa, e as direccións por enriba da súa carga burocrática de traballo aínda por enriba non son xestores para buscar novas empresas e para solucionar os problemas que quen tiña que resolvelos é a Xunta de Galicia, a Consellería de Educación, simplemente escoiten á comunidade educativa e resolvan o que teñen que resolver, e simplemente pedímoslle a mesma cantidade para a cubrición de patios porque o único que teñen, que foi o que dixo o presidente da Xunta de Galicia, é unha ampliación dun colexio en Vigo e dun instituto, é o único que teñen e diso xa falaremos.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros/as, o venres pasado 25 de novembro enviouseme unha carta dende a Xunta Directiva da ANPA Lameira do CEIP Josefa Alonso, da parroquia de Matamá, dicindo, piden unha reunión, e nesa reunión dinme “a nosa intención e tratar, valorizar e analizar tódolos os pormenores da nosa consabida reivindicación para os nenos deste colexio que non é outra que o patio cuberto xa que este é un dos colexios da cidade que non dispón desa instalación”, hoxe mesmo, carta enviada o 25 de novembro, o venres pasado. Polo tanto, ao carón do Rocío, Canicouva, Carballal e tantos outros agora sumamos colexio público de Matamá.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. González Sánchez)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2016 (Rex. Nº 1465/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

MOCIÓN URXENTE:

7 BIS (198).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A DAR EXPLICACIÓNS SOBRE AS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO AUDITORIO MAR DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de novembro de 2016, número 1468/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“O 5 de agosto de 2004 fírmase o convenio COTOP – Porto – Concello para a construción do Auditorio Mar de Vigo. Un proxecto que nace coa vontade de converter este espazo nun referente cultural, comercial e de ocio para toda a cidade. O ano seguinte adxudícase o concurso a SACYR – Caixanova, quen pretende, en abril de 2007, unha modificación do contrato que foi rexeitado polo goberno municipal da entón alcaldesa, Corina Porro.

En febreiro de 2008, xa con Abel Caballero como alcalde, a concesionaria solicita novamente a modificación do contrato, sendo autorizada polo rexedor en marzo dese mesmo ano. Este modificado supón, na práctica, a redución do proxecto

orixinal, diminuindo as zonas públicas e comerciais e comprometendo o futuro deste espazo.

Este é o punto de partida dunha serie de decisións que nos conducen á realidade que vive hoxe o Auditorio Mar de Vigo, cunha concesionaria que ven de entrar en concurso de acredores, e máis de 20 millóns de euros entregados ou comprometidos nos últimos anos polo goberno municipal. Concretamente, neste tempo destináronse 1,5 millóns á promoción cultural deste complexo (500.000 euros ao ano en 2014, 2015 e 2016) sen acadar os resultados previstos. Entregáronse 5 millóns a fondo perdido no ano 2012, ao tempo que se ampliaba a concesión ata 60 anos sen ningún tipo de explicación. Comprometéronse 13 millóns para a UNED nos próximos 20 anos; máis de 2.000 euros diarios polo aluguer dun edificio que é municipal. E a Deputación de Pontevedra outorgou preto dun millón de euros para dotar de mobiliario as aulas da UNED, cos nefastos resultados que está a constatar o alumnado.

Un importantísimo investimento público do que non se ten dado ningunha explicación nin por parte do alcalde nin do seu goberno municipal e que, sen embargo, non ten evitado o concurso da empresa concesionaria.

Desde este grupo municipal levamos anos avisando de que isto ía a pasar, e máis tendo en conta a modificación do proxecto asumida polo alcalde. Desde o primeiro momento, o rexedor incumpriu o seu compromiso para dinamizar a zona e dar vida a unha parte da cidade que hoxe en día está morta. Un incumprimento e unha modificación que se debeu única e exclusivamente a intereses persoais do alcalde de Vigo, na procura de que o Auditorio estivese listo nas municipais de 2011.

Neste marco, o Partido Popular solicitou e realizou unha comisión de investigación, celebrada entre 2013 e 2014, que foi desprezada polo Goberno municipal e polo alcalde, que se negaron a comparecer para dar explicacións. As conclusións desta comisión cobran especial relevancia estes días, ao falar xa naquel momento da falta de xestión e de control por parte do executivo local coa modificación de 2008 e a decisión posterior de prorrogar a concesión; se constataban prexuízos económicos evidentes, con 5 millóns adicionais e 1,2 millóns inxectados para equipamento; e se apuntaba cara a diversas irregularidades coa ausencia de controles e informes de intervención.

Dous anos despois, a realidade ten demostrado a certeza daquelas conclusións sen que o Goberno municipal teña dado ningunha explicación durante todo este tempo.

Por todo isto, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO

▪ Instar ao alcalde de Vigo a dar explicacións oportunas sobre as actuacións levadas a cabo no Auditorio Mar de Vigo durante estes anos, que se teñen traducido en máis de 20 millóns de euros comprometidos cunha concesionaria que agora está en concurso de acredores.

▪ E instar ao alcalde de Vigo a paralizar de modo inmediato os pagos que se están a realizar á empresa concesionaria ata que non se saiba que está a ocorrer e que consecuencias terá dita situación.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Propoño a votación da urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Simplemente pido un minuto a palabra para explicar a urxencia.

PRESIDENCIA: Ten a palabra durante un minuto aos efectos da urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O pasado venres coñecemos posteriormente á convocatoria deste Pleno que a concesionaria do Auditorio Mar de Vigo entraba en concurso, parécenos un feito grave que afecta directamente ao Auditorio Mar de Vigo, parécenos que é necesario e urxente falar neste Pleno da situación da concesionaria, de que medidas vai tomar o goberno municipal de cara a este concurso e dende logo parécenos que hai que debater sobre a conveniencia de seguir regando con cartos de tódolos vigueses/as a unha concesionaria que está a incumprir reiteradamente as súas obrigas e que neste momento a pesares dos esforzos que está a facer dende logo, dándolle cartos a exportas con cargo ao orzamento municipal deste goberno, vai polo camiño que xa se prevía, nesta crónica de morte anunciada, cremos que é un tema capital, analizar que é o que se vai facer, as responsabilidades e por iso presentamos esta moción.

SR. PÉREZ CORREA: Nós en coincidencia coa moción que propuxemos no seu día tamén ao coñecer a intención da concesionaria de entrar en concurso de acredores, pensamos non só por este feito, senón que esta concesión pública ten que estar xa sometida a unha concesión especial deste Pleno, polo tanto nós estamos a favor de que se tramite e se discuta esta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Telegraficamente nun minuto, non se xustifica a urxencia para esta moción, o primeiro que quero lembrar é que a concesión deste Auditorio foi dun goberno do Partido Popular, tamén quero lembrar que está funcionando correctamente hoxe e parece que a algúns lles molesta este tema e que se de algo falamos neste Pleno é do Auditorio e lembro porque o dixemos sempre e en todo momento, tódolos pasos que deu este goberno con relación ao Auditorio, estiveron sempre dentro da legalidade. Un concurso de acredores, Sra. Muñoz, ten un longo percorrido e seguro que nos da tempo a falar, co cal presente unha moción en vía ordinaria e logo voulle contestar a unha inexactitude, de verdade, fale con rigor, non fale de cartos a exportas, porque cando di que paralicemos pagos á concesionaria, este goberno non lle da nin un euro á concesionaria, repítollo porque non me está a atender, este goberno non lle da nin un euro á concesionaria.

PRESIDENCIA: Procedemos á votación da urxencia desta moción.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. González Sánchez)

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da moción presentada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, en data 23.11.2016 (Rex. Nº 1468/1101).

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

8(199).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO A CREACIÓN DUNHA BRIGADA MUNICIPAL DEPENDENTE DA ÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO PARA A LIMPEZA E MANTEMENTO DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS. REXISTRO PLENO 1456/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de novembro de 2016, número 1456/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enriquez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Dentro dos límites territoriais do Concello de Vigo existen máis de 170 xacementos arqueolóxicos catalogados, e polo tanto, suxeitos a protección legal e urbanística. A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia establece unha correspondencia de colaboración entre a administración autonómica e as corporacións locais, para adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens do patrimonio cultural de Galicia que se viran ameazados (art. 3.2) Deste xeito, os concellos teñen a súa responsabilidade á hora de conservar os bens arqueolóxicos presentes dentro dos seus territorios

Pero, a maiores de calquera consideración legal, a administración local ten que achegarse ao patrimonio cultural abordándoo como unha gran oportunidade, non como un problema que ten que resolver vía lexislación e regulamentos.

O patrimonio é unha arma cargada de futuro. Vigo non pode permitirse o luxo de desdeñar o seu patrimonio cultural –e dentro del o patrimonio arqueolóxico-, xa que é unha gran oportunidade para a cidade.

O actual modelo económico de Vigo claramente aposta polo sector industrial, e esta infraestrutura socioeconómica da cidade está exposta a vaivéns conxunturais: calquera industria, calquera sector produtivo pode quebrar. O noso patrimonio cultural non. É unha materia prima de carácter público, que se pode transformar nun produto cultural (entendéndoo non só dende unha óptica económica, senón tamén social, educativa, didáctica,...), que supoña unha alternativa e/ou complemento ao tecido económico tradicional da cidade .

Para elo, é necesario en primeiro lugar conservar os nosos bens, para en fases posteriores, abordar a súa recuperación.

Nos últimos anos, dende o Concello de Vigo se están a desenvolver iniciativas de valorización do patrimonio municipal (Castro de Vigo, vila romana de Mirambell, áreas etnoarqueolóxicas,...). Estes traballos, á vez que poñían fin a tempos de esquecemento e degradación, supoñían o inicio dunha nova etapa de ennobrecemento e revalorización do noso patrimonio.

O estancamento dos recursos das administracións destinados á recuperación do patrimonio cultural por mor da actual conxuntura económica non pode derivar nun abandono da recuperación do noso patrimonio arqueolóxico. Quizais non é o momento de seguir creando infraestruturas culturais, pero si é ineludible asegurar a conservación dos bens arqueolóxicos existentes, creando de paso unha conciencia social da importancia do noso patrimonio. Así, propoñemos a creación dunha brigada de limpeza e intervención sobre os bens arqueolóxicos municipais, que se encargaría de acometer a limpeza de elementos vexetais, entullos e sucidade superficial dos xacementos arqueolóxicos de Vigo. Ademais, tería un valor engadido xa que velarían ante calquera agresión que se puidera estar a acometer nos xacementos -non podemos esquecer que a maior parte deles están no rural-.

Se propoñen unha serie de actuacións sobre a proposta de creación da brigada que as levaría a cabo, que detallamos a continuación:

A brigada encargaríase de actuacións de limpeza e conservación non intrusivas nos xacementos arqueolóxicos, xa foran producidas por axentes antrópicos ou por degradación natural. Dentro das súas competencias poderían estar:

- Limpeza vexetal mecánica, de carácter manual. Usando o material axeitado (desbrozadoras, rastrillos, sachos,...), eliminarían a cuberta vexetal que impide a súa perfecta contemplación, previndo ademais o efecto nocivo dos incendios forestais sobre os bens arqueolóxicos. En casos especiais nos que existira un problema grave de conservación, poderíase contar co apoio dos técnicos dos xardíns históricos do Concello.

- Limpeza no xacemento e no seu entorno, eliminando materiais fora de contexto tales como entullos, refugallos, acumulacións de terras,....

- Puntualmente poderían acometerse traballos de acondicionamento no entorno dos xacementos -sen incidir directamente neles-, encamiñados a mellorar

o seu aspecto e a percepción polo público (reparación e acondicionamento de valados, accesos, sinalizacións, ...).

En todos os casos, a rigorosidade e a meticulosidade estarían sempre presentes. Actuaríase baixo os preceptos do Decreto 199/97, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e cada unha das actuacións quedaría reflectida en fichas sistematizadas elaboradas ao respecto: documentaríase o antes, os procesos de limpeza e conservación, e o aspecto final.

ACORDO

Creación dunha brigada municipal dependente da área de patrimonio histórico que cumpra cos obxectivos anteriormente expostos.”

No transcurso do debate, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, presenta “in voce” a seguinte emenda transaccional:

1.- Instar á Xunta de Galicia, administración competente en materia de Patrimonio Histórico, a que contemple nos orzamentos 2017 unha partida con recursos suficientes para que os concellos poidan contratar brigadas que permitan levar a cabo actuacións de limpeza e conservación nos intrusivos nos xacementos arqueolóxicos.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que delegue estas actuacións nos concellos transferindo os recursos necesarios que deben estar recollidos no orzamento do 2017 e nos orzamentos futuros.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Jácome Enríquez, que a súa vez engade un terceiro apartado á emenda do grupo municipal Socialista, o Presidente sométea a votación.

3.- No caso da inacción da Xunta de Galicia durante o primeiro semestre do ano 2017, instar á colaboración da Deputación de Pontevedra dentro do marco legal da Lei de patrimonio cultural de Galicia.

DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: O estatuto de autonomía de Galicia determina que lle corresponde á comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, tal e como expón a lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, o estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva, e polo tanto, plásmanse como mandato legal que non debe ser visto como limitación,

senón como participación de toda a sociedade.

O patrimonio cultural concíbese entón como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sostible, a aposta pola colaboración interadministrativa tamén está presente na citada lei, mediante habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo coas seguintes obrigas expresadas na lei.

As entidades que integran a administración local en relación cos bens do patrimonio cultural que se atopen no seu ámbito territorial teñen as obrigas de, protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, adoptar en casos de emerxencia as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que tivesen a súa integridade ou valor ameazados.

Estamos pois ante un mandato inequívoco, somos pobo en virtude dos valores culturais que nos configuran, máis a maiores de calquera consideración legal ou tecnicismo, a administración local ten que achegarse ao patrimonio cultural abordando como unha gran oportunidade, o patrimonio é un arma cargada de futuro, Vigo non pode permitirse o luxo de desdeñar o seu patrimonio cultural e dentro del o patrimonio arqueolóxico xa que é unha grande oportunidade para a cidade.

O actual modelo económico de Vigo aposta polo sector industrial e esta infraestrutura socioeconómica da cidade está exposta a vaivéns conxunturais, calquera industria, calquera sector produtivo pode quebrar, o noso patrimonio cultural non, é unha materia prima de carácter público que se pode transformar nun produto cultural entendendo non só dende unha óptica económica senón tamén social, educativa e didáctica que supoña unha alternativa e complemento ao tecido económico tradicional da cidade.

Debe entenderse entón como un elemento de dinamización económica e social, creadora de riqueza, prosperidade e emprego, e por isto que traemos hoxe aquí esta iniciativa que ben a complementar as accións xa emprendidas polo Concello para manter e preservar o noso patrimonio.

Solicitamos a creación dunha brigada municipal dependente da Área de Patrimonio Histórico e conformada por profesionais cualificados que solucionen ou como mínimo melloren substancialmente o estado actual dos bens arqueolóxicos que se atopan no noso Concello, por exemplo, pasaron dez anos da creación da ruta das mámoas de Candeán, a comunidade de montes desta parroquia, o Concello de

Vigo e a Xunta de Galicia colaboraron entón na posta en valor destas áreas.

A ruta permanece en bo estado, pero debido a falla de mantemento as mámoas atópanse abandonadas, o túmulo coñecido como “Chan do Labrador” perdeu a sinalización que informaba sobre as peculiaridades desta mámoa, iso quen coñece este tipo de tumbas pode determinar a súa presenza, o dolmen da necrópole de Chan dos Touciños atópase convertido nun depósito de lixo e escombros, os elementos megalíticos de Ferradouro, onde a vexetación tapou as mámoas co grave perigo dos danos no caso de incendio forestal, os tres dolmens de Costa Freiría onde o monte tamén comeu as tres mámoas, hoxe en día hai que coñecer os sitios se non se quere pasar de largo.

A actuación é urxente nestas e máis zonas, é necesario tal e como di a lei adoptar as medidas cautelares necesarias para salvagardar estes bens, que teñen a súa integridade e valor ameazados, temos desgraciadamente exemplos de como a adxudicación deste tipo de traballos a empresas privadas e sen criterios técnicos trae danos irreparables ao patrimonio, ben sabemos dos danos do petroglifo de Campo Lameiro despois dunha adxudicación nas que os coñecementos arqueolóxicos non se priorizaban.

Propoñemos pois unha dotación de recursos para o ano 2017 igual ou similar a destinada á recente concesión para servizos, mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo e que abrangue só a unha ducia de actuacións de interese, e aproveitando a boa relación entre o Concello e a Deputación de Pontevedra, solicitar a colaboración da institución provincial. Lembremos que a Deputación de Pontevedra a partires do proxecto de conservación dos Castros da provincia ten unha bolsa de emprego de traballadores/as do sector, unha bolsa que está a punto de caducar e que non foi empregada na súa totalidade, sobre todo no que respecta a peóns de arqueoloxía, categoría que sería a máis numerosa para poñer en marcha este proxecto. Posteriormente o propio servizo de Patrimonio do Concello podería poñer en marcha unha campaña de difusión e posta en valor destas zonas, co obxectivo de crear diferentes roteiros para sensibilizar e concienciar á sociedade para que no futuro non se repitan terribles feitos como a salvaxe ataque ás mámoas do Mouro, tendo estes roteiros ben xestionados, un retorno económico e cultural innegable.

Xa estamos tardando en afrontar entre todas, cidadanía, governos e oposición o

deterioro do patrimonio cultural que ademais irreversible supón a perda de múltiples oportunidades de desenvolvemento social, económico, turístico, cultural e de proxección exterior.

SR. GAGO BUGARÍN: Este grupo municipal xa ten manifestado en numerosas ocasións que o que acontece co patrimonio cultural desta cidade é manifestamente un despropósito, despropósito dende o punto de vista museístico, esta cidade segue carecendo dun museo de relevancia nacional, internacional, tamén un despropósito dende o punto de vista das actividades culturais de renome que sitúe a esta cidade como lle corresponde á primeira cidade de Galicia e a máis importante do noroeste de España, pero tamén é un despropósito dende o punto de vista do bens e xacementos históricos ligados ao noso patrimonio. Non podemos pretender que os foráneos encomien o noso patrimonio cando nós non somos quen de poñelo en valor e cando a nós pásanos practicamente descoñecido para a meirande parte dos vigueses/as, a caso cantos dos aquí presentes sabemos que o Concello de Vigo ten 170 xacementos arqueolóxicos catalogados, como imos a saber se a metade están ocultos pola maleza ou practicamente de imposible acceso, comezado pola muralla de Vigo, en Xerusalén está o muro das lamentacións, aquí en Vigo temos o “muriño das vergoñas” que aínda o fun visitar antes de chegar ás 8:30 horas da mañá, sitúase nese cubículo de cristal que temos na confluencia entre as rúas Carral e Cánovas do Castillo, onde se supón que lle ensinamos aos turistas e aos cruceiristas unha pequena mostra da fastuosa muralla que algún día tivo esta cidade. Pois ben, unha vez máis volvemos tristemente a corroborar que continuamos exhibindo semellante aberración de maleza, herbas e terra, hai raíces centenarias nese cubículo. A min chámame a atención que o Alcalde que presume de pasear polas rúas e beirarrúas da nosa cidade pase con certa frecuencia por diante dese cubículo e sexa incapaz de mandar que se limpe e que se poida exhibir a peza e o anaco de muralla céntrico que temos exposto para os cidadáns e para os cruceiristas, que se poida por como lle toca e que está absolutamente abandonado porque é unha vergoña e unha falta de delicadeza.

Por iso como van vostedes a por en valor os petroglifos e demais xacementos existentes nas diferentes parroquias do noso rural, cando son incapaces de

preocuparse por algo polo que pasan e ven tódolos días. Lembro sen ir máis lonxe que este grupo municipal presentou aquí o 23 de agosto sen ir máis lonxe, a limpeza desta peza de muralla e vostedes non fixeron absolutamente nada.

Nós defendemos non só que son importantes os restos da muralla que están no Castro senón que son tamén moi importantes os restos da muralla e dos xacementos que van aparecendo a medida que imos arruñando as capas nas rúas e beirarrúas, é evidente que a comunión entre o avance no desenvolvemento da cidade, entre a construción da cidade e a conservación dos restos que subxacen por debaixo da cortiza teñen que ir da man, por iso nós propuxemos en diferentes ocasións como lembrarán que isto vai acompañado dun plan director que acade o obxectivo de escenificar, mediante paneis informativos nas beirarrúas, os tramos por onde pasaba a muralla, que databa do século XVII e hoxe en día os estudos permítennos telo perfectamente identificado.

A muralla do Castro debería estar fortemente iluminada, debería verse dende calquera punto da cidade, isto non é así, isto só se ve de día e está absolutamente abandonada por iso vostedes agora despois de moita insistencia, denuncias, críticas, deciden que van comezar a manter e a limpar a muralla do Castro, pero a muralla de Vigo é a parte externa que temos no Castro, a muralla de Vigo como ben saben rodeaba toda a cidade de Vigo ata a metade do século XIX.

Como dicía, o Patrimonio Arqueolóxico son os bens culturais máis descoñecidos deste Concello, e nós estamos a favor da constitución dunha brigada de mantemento e conservación do Patrimonio Arqueolóxico, pero volvo repetir, nós cremos que esta brigada, esta iniciativa ten que ir acompañada dun plan director de recuperación, de catalogación e de publicidade de ditos bens, de tal forma que Vigo poida engadir ao seu haber singular un patrimonio cultural e turístico perfectamente guiado e sinalizado.

O que tamén deberá quedar claro é que esta brigada non pode supoñer un novo contrato de limpeza porque xa é un disparate, lembro que temos ata sete contratos de Parques e Xardíns en vigor, polo tanto, creo que é perfectamente asumible polo actual contrato de Parques e Xardíns.

En definitiva, fai falla un xiro de 360 grados na posta e na defensa da cultura do patrimonio cultural da nosa cidade. A oposición aporta ideas e imos seguir aportando ideas pero a consecución deste obxectivo ten que ser ineludiblemente

vontade do goberno municipal.

SRA. SILVA REGO: En primeiro lugar Sr. Jácome, quero agradecerlle o seu ton para presentar esta moción porque certamente un pode presentar propostas e pódoo facer dende a educación, sen berrar, sen descualificar, sen mentir, sen inventar, sen crer que a política é un campo de batalla senón que é un campo onde se poden debater propostas e ideas, polo tanto, eu quéro lle agradecer en primeiro lugar o ton, en segundo lugar, tamén o contido da súa moción na que vostede recoñece que nos últimos tempos, dez anos, dende que goberna este goberno se ten feito moito, como nunca se fixera para a recuperación do noso patrimonio histórico, certamente a dereita nunca creu que a cultura, o patrimonio, aquilo que nos identifica, que nos fai auténticos, que fala do noso pasado e que permite que poidamos ter presente e futuro, porque sen respecto ao noso pasado é moi difícil ter presente e ter futuro, a dereita nunca creu que isto era así, por iso nos atopamos cun casco histórico abandonado no que non se tiña investido nin un só euro por parte da dereita, por parte do Partido Popular e os seus gobernos, un abandono total e absoluto dos xacementos arqueolóxicos, tanto da muralla do Castro como do xacemento do Castro, como dos xacementos de Toralla, un abandono total e absoluto, nin un euro tiña gastado o Partido Popular, por iso claro, cando eu escoito agora ao Sr. Gago falando disto, só podo entendela dende que é moi mozo e non ten memoria histórica, non se lembra que aquí gobernou durante moito tempo o Partido Popular e que non investiu nin un só euro, dende que nós gobernamos non hai quen recoñeza o casco histórico, máis de 40 millóns investidos no Casco Vello por parte do Concello de Vigo, a recuperación de Toralla que hoxe ten miles de visitantes, exactamente igual que o Castro, hai dous anos presentamos a Fomento un proxecto de rehabilitación da muralla do Castro que finalmente, despois de moito presionar, vaise facer e contemplar co 1,5% cultural, por certo, os gobernos do Partido Popular teñen investido cero euros do 1,5% cultural en Vigo, en Baiona si, debe ser porque alí goberna o Partido Popular e tamén noutros concellos gobernados polo Partido Popular. Así que por favor, Sr. Gago, deixe vostede de mentir, esta cidade non hai quen a recoñeza, nós defendemos o noso Patrimonio, temos investidos decenas de millóns de euros e eu estou de acordo co Sr. Jácome en que temos que seguir facendo esforzos e polo

tanto voulle facer unha proposta de emenda de transición, pero quero dicir algunhas cousas, que o dicía tamén o Sr. Jácome, o artigo 148.1 da Constitución española atribúe a competencia en materia de patrimonio histórico a comunidade autónoma, o noso estatuto de autonomía así o recolle e di con claridade que a quen realmente lle corresponde desenvolver as actuacións necesaria para a conservación, defensa, protección, acrecentamento, difusión do patrimonio histórico é a Xunta de Galicia e sabe o que pasa Sr. Gago? Que ata o momento eu non coñezo nin unha soa acción na nosa cidade no exercicio desa competencia constitucional que ten a Xunta de Galicia, cero euros en patrimonio histórico.

Logo teño que dicirlle simplemente Sr. Jácome, volvendo a dicirlle que lle agradezo o seu ton e incluso a proposta porque é bo que falemos conxuntamente que nós só temos competencias porque é a nosa propiedade no Xardín histórico do parque de Castrelos, nos xacementos do Castro e a vila romana de Toralla, nas murallas dos Castelos de San Sebastián e do Castro, así como nos muíños das roteas do Severo de Zamáns.

Polo tanto, nós actuamos alí onde temos competencias, está en perfecto estado todo isto que digo, propóñolle ao grupo de Marea o seguinte emenda transaccional: 1. instar á Xunta de Galicia, administración competente en materia de patrimonio histórico, a que contemple nos orzamentos do 2017 unha partida con recursos suficientes para que os concellos poidan contratar brigadas que permitan levar a cabo actuacións de limpeza e conservación non intrusivas nos xacementos arqueolóxicos e 2. instar á Xunta de Galicia a que delegue estas actuacións nos concellos transferindo os recursos necesarios que deben estar recollidos no orzamento do 2017 e nos orzamentos futuros.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Precisamente na moción si que falábamos desas zonas, efectivamente, precisamente por iso esta proposta para tratar de ampliar esas zonas xa que nas zonas que falábamos ao principio sabemos cal é o seu estado.

Estando de acordo coas emendas presentadas polo Partido Socialista, propoñemos aceptalas e engadir un punto a maiores que sería o punto 3 coa seguinte redacción, “no caso de inacción da Xunta de Galicia durante o primeiro semestre do ano 2017 instar á colaboración da Deputación de Pontevedra dentro marco legal da Lei de patrimonio cultural de Galicia”, no caso de que se acepte este

punto por suposto aceptaríamos a emendas de substitución do Partido Socialista.

SRA. SILVA REGO: Dentro do marco legal si se permite eu estou de acordo con engadir ese punto 3 e facer unha emenda transaccional.

PRESIDENCIA: Como quedaría por tanto a emenda transaccional?

SRA. SILVA REGO: Pásolle os dous nosos puntos e engadiríamos o tres que quere Marea de Vigo.

PRESIDENCIA: Vou dar lectura, quedaría por tanto do seguinte xeito: 1 Instar á Xunta de Galicia, administración competente en materia de patrimonio histórico, a que contemple nos orzamentos do 2017 unha partida con recursos suficientes para que os concellos poidan contratar brigadas que permitan levar a cabo actuacións de limpeza e conservación non intrusivas nos xacementos arqueolóxicos. 2 Instar á Xunta de Galicia a que delegue estas actuacións nos concellos transferindo os recursos necesarios que deben estar recollidos no orzamento do 2017 e nos orzamentos futuros. 3 No caso de inacción da Xunta de Galicia durante o primeiro semestre do ano 2017 instar á colaboración da Deputación de Pontevedra dentro marco legal da Lei de patrimonio cultural de Galicia.

(No momento da votación atópanse ausentes a Sra. González Sánchez, do grupo municipal do Partido Popular e o Sr. Aneiros Pereira, do grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, aprobase dita emenda.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.11.2016 (Rex. Nº 1456/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, coa emenda do grupo municipal Socialista, quedando o seguinte texto:

1.- Instar á Xunta de Galicia, administración competente en materia de Patrimonio Histórico, a que contemple nos orzamentos 2017 unha partida con recursos suficientes para que os concellos poidan contratar brigadas que permitan levar a cabo actuacións de limpeza e conservación nos intrusivas nos xacementos arqueolóxicos.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que delegue estas actuacións nos concellos transferindo os recursos necesarios que deben estar recollidos no orzamento do 2017 e nos orzamentos futuros.

3.- No caso da inacción da Xunta de Galicia durante o primeiro semestre do ano 2017, instar á colaboración da Deputación de Pontevedra dentro do marco legal da Lei de patrimonio cultural de Galicia.

9(200).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A TOMAR EN CONSIDERACIÓN AS REITERADAS PROPOSTAS DESTE GRUPO ASÍ COMO O INFORME SOLICITADO A UN COMITÉ DE EXPERTOS CO OXECTIVO DE ELABORAR UN PLAN ESTRATÉXICO QUE ARTELLE A REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. REXISTRO PLENO 1462/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2016, número 1462/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“A cidade de Vigo dispón dunha ampla rede de museos que abrangue unha oferta diversa e do máis completa para o ocio e a cultura. Así, ofrece tanto aos visitantes como aos veciños distintas posibilidades como o Verbun, o Marco, o Museo do Mar, o Liste ou o Quiñones de León. Unha lista que se pode completar, se cabe, con fundacións culturais ou arquivos fotográficos entre outros.

Non obstante, e pese a este amplo abano, a rede de museos de Vigo non termina

de despegar. E non só iso, senón que ano tras ano vai perdendo interese para a cidadanía sen que o Goberno municipal faga nada.

Neste sentido, só no último lustro -desde o 2011, ano no que o PSOE asumiu a súa xestión directa- a rede de museos municipal ten perdido máis de 60.000 visitantes. Unha cifra que contrasta co crecente interese da cidadanía no ocio cultural, como destaca o último informe de La Caixa para o ano 2016.

Fronte a isto, as cifras seguen a arroxar datos moi preocupantes en Vigo, como é o caso dos últimos datos coñecidos sobre o Verbum, que falan de pouco máis de 2.100 visitas no primeiro semestre deste exercicio. É dicir, 11 persoas ao día para un recinto con enormes posibilidades, como destacan diferentes expertos.

Este é só un exemplo máis do que está sucedendo na cidade sen que o Goberno municipal faga nada. Unha situación que este grupo municipal leva tempo demandando que se estude, se afronte e se reverta. Así, temos reclamado en numerosas ocasións a posta en marcha dun programa de actuacións en materia cultural, e especialmente no tocante aos museos municipais, que incluíría a actualización da súa imaxe de rede; a potenciación das novas tecnoloxías para a súa promoción e modernización; un completo plan de actividades escolares e iniciativas educativas e familiares que permita fomentar o ocio en familia; un programa de investigación; ou mesmo o aproveitamento do patrimonio arqueolóxico vigués.

Así mesmo, no seu momento demandamos tamén a creación de rutas culturais encamiñadas a coñecer non so os museos, senón tamén os contornos nos que se ubican como historia viva da cidade.

Este conxunto de actuacións, como tamén temos exposto, mesmo se poderían integrar nun ambicioso Plan Estratéxico Cultural para Vigo, que comprendería, xunto ao repensamento dos seus museos, outras liñas estratéxicas como o impulso da cidade como factoría de produción de contidos culturais; a aposta pola cultura como factor clave de cohesión social; a vertebración de Vigo como espazo cultural e metropolitano; e a proxección da cidade como plataforma de promoción internacional.

En definitiva, unha aposta decidida pola cultura e polos nosos museos, na liña do informe emitido fai máis dun ano polo comité de expertos convocado polo propio Goberno local que, integrado por unha decena de persoas vinculadas ás letras, avoga por artellar unha rede museística "ambiciosa e trascendente". Todo o contrario do que ten feito o PSOE durante os anos que leva ao fronte deste departamento na cidade.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao Goberno municipal a tomar en consideración tanto as reiteradas

propostas deste Grupo como o informe que el mesmo solicitou a un comité de expertos, co obxectivo de elaborar un Plan Estratégico Cultural para Vigo que artelle a rede de museos municipais do xeito adecuada para impulsar a súa reactivación e poñer fin a sangría que están a sufrir.”

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Como imos seguir falando da riqueza cultural e do patrimonio cultural de Vigo gustaríame lembrar que a recuperación do Casco Histórico, case hai dez anos, foi asinada por unha Xunta do Partido Popular, unha alcaldesa do Partido Popular e un delegado da Zona Franca do Partido Popular, e polo tanto recuperáronse 100 edificios e 30 locais comerciais recuperados iniciado por gobernos do Partido Popular, xa pioneiros daquela época.

Imos ao tema que temos agora, como dicía Vigo si que dispón dunha ampla rede de museos que abrangue unha oferta de ocio, de lecer e de cultura ampla, pero tanto o Verbum, o Marco, o Museo do Mar, Liste, Quiñones de León son museos que teñen moitas posibilidades pero que cremos, dende o Partido Popular como tantas veces expuxemos xa, que se pode completar mellor e explotar mellor toda esa riqueza ademais sumada, se cabe, pois as fundacións culturais e os arquivos fotográficos entre outros.

Non cremos que non se atope a fórmula, que non se busca, que non hai vontade de atopar unha vía de traballo común para que sexan rendibles, para que ademais sexan atractivos, tanto para os vigueses como para a xente de fora, e cremos que ademais isto é patente coas cifras porque no último lustro e dende o 2011, ano no que o Partido Socialista asumiu a xestión directa deses museos, pois a rede municipal ten perdido máis de 60.000 visitantes, unha cifra que ademais contrasta co crecente interese da cidadanía no ocio cultural como destaca un informe da Caixa para o ano 2016, entón cremos que os veciños e os cidadáns e os turistas queren oferta cultural, queren acudir aos museos pero cremos que non son o suficientemente atractivos para que acudan a eles. Fronte a isto, pois a cifras seguen arroxar datos preocupantes en Vigo, como o caso dos últimos datos coñecidos sobre o Verbum e que falan de pouco máis 2.100 visitas no primeiro semestre deste exercicio, é dicir, once persoas ao día para un recinto con enormes

posibilidades como destacan diferentes expertos, insisto en que teremos que buscar solucións, hoxe coñecemos que o directo do Verbum cesou e vai ser relevado e esperemos que sexa un punto para saír adiante para poder rexenerar o atractivo dese museo.

Nós cremos que é necesario facer un programa de actuacións en materia cultural, especialmente no tocante aos museos municipais, insisto, inclúe unha actualización da súa imaxe na rede, potenciación de novas tecnoloxías, as webs dos museos dan pena, a verdade que é a primeira carta de presentación que calquera persoa cando vai a unha cidade busca as ofertas culturais e as webs son, a verdade, bastante tristes por darlle algún argumento e necesitan ser atractiva en pleno século XXI e deberíamos aproveitalo ademais iso non require un custo demasiado elevado.

Debería completarse con actividades escolares, iniciativas educativas, familiares que permitan fomentar a opción familia, programa de investigación e aproveitamento como dicimos na moción anterior do patrimonio arqueolóxico vigués.

Nós cremos que ademais poderíamos crear rutas culturais encamiñas a coñecer e non só aos museos senón o entorno nos que se sitúan porque a verdade iso tamén é riqueza desta cidade, temos que aproveitar o noso tirón, temos por exemplo, a cidade de Málaga que era unha cidade atractiva só pola praia e polo sol e souberon ter unha política cultural de atracción de museos moi interesante, aproveitaron a figura de Picasso, un motón de historia da propia cidade e patrimonio, souberon vendela, nós teríamos que facer o mesmo aquí en Vigo, tomar exemplo e facer un ambicioso plan estratéxico cultural para Vigo porque insisto que as posibilidades xa están feitas, repensamento dos seus museos, liñas estratéxicas como impulso da cidade como factoría de produción de contidos culturais, aposta pola cultura como factor clave de cohesión social, vertebración de Vigo como espacio cultural, insisto ademais que isto xa está e o que fai falla é vontade, ter boas campañas e darlle unha volta e saber como podería resultar atractivos, que actividades precisamos porque realmente isto é vontade política e intención de facelo sen, insisto, elevado custe para as arcas municipais, unha aposta decidida pola cultura e polos nosos museos, ambiciosa e transcendente, ademais hai un estudo que o propio Concello solicitou hai máis dun ano a un

comité de expertos e o que dicían era todo o contrario ao que teñen feito os concelleiros e o goberno do Partido Socialista durante estes últimos anos que levan ao fronte do departamento desta cidade.

Polo tanto, os museos están en crise, na UCI, xa o temos manifestado moitas veces, cremos que é necesario sacar adiante un plan ambicioso e non estar como vemos nos orzamentos, con pequena achegas que nada serven para sacar adiante a riqueza cultural, polo tanto, nós instamos ao goberno municipal a tomar en consideración todas estas propostas, porque nós non vimos aquí un afán de crítica absoluta senón a construír cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Se tiveramos que falar da rede de museos e da oferta museística de Vigo pois seguramente necesitaríamos varios plenos, o que detectamos nós é que parece que para ser Alcalde desta cidade, falo do Alcalde dos últimos alcaldes que no período democrático foron chegando, que se non inaugura un museo practicamente se lle resta méritos como alcalde, todos e cada un dos alcaldes tiñan un proxecto de museo que ía ser un revulsivo cultural desta cidade, fixéronse grandes continentes nesta cidade e os contidos ninguén os planificou nin moito menos orzamentou, e creo que tódolos alcaldes, os últimos alcaldes de tódalas cores políticas que tivo esta cidade, todos e cada un deles anunciaron unha mellora da rede museística, unha integración e incluso creo que nalguna ocasión falouse precisamente de plan estratéxico e de cuestión que teñen que ver coa planificación dos museos da cidade.

A realidade é a que temos, comparativamente coas cidades da nosa extensión, do noso número de habitantes pero tamén das cidades que tiveron nos últimos anos crecemento turístico, e Vigo é unha delas, obviamente os datos están aí, o exercicio que pechamos este verán foi espectacular en canto ao número de habitantes, temos o sistema museístico máis precario e ridículo posiblemente das grandes cidades deste país, e aquí xa non é unha cuestión de que entremos en valorar ós políticos ou ós grupos políticos presentes neste Concello, e que calquera persoa que visita a esta cidade é do primeiro que se sorprende, da realidade de atoparse museos que en teoría están inaugurados, pechados, o famoso museo da fotografía que se abriu para unha exposición que se volveu a pechar pero se ningún tipo de previsión de cando ese museo vai estar dispoñible, sabendo

ademais que Vigo foi unha cidade como cidade industrial tamén cunha cantidade de grandes fotógrafos, con arquivos importantes hoxe en día, algún deles en mans dos seus herdeiros e nese museo que temos aquí, pero logo a cuestión absolutamente paradoxal de que xa non é que os museos ou museos importantes desta cidade a súa web sexa deficiente e que xa non a teñen, o Verbum non ten web, a Pinacoteca non ten web, ten en todo caso unha deriva a web de Vigo Cultura, pero non ten unha web propia onde unha persoa pode ver tantos fondos, as coleccións permanentes, como as exposicións temporais que se van poñendo neses museos, non temos absolutamente ningún tipo de planificación, o único que se lle ocorreu neste último goberno foi quitar a concurso, obviamente privado, a xestión de atención ao público con persoal en absoluta precariedade e inestabilidade laboral polas empresas concesionarias que xestionan ese museo, por que o digo? Porque o modelo que están a seguir as grandes cidades deste país, o modelo francés, a partires dos anos 80, o modelo que seguiu o museo George Pompidou, propoñía unha pregunta, que facer para ordenar un museo? Para quen? É dicir, que segmento da poboación queremos chamar á nosa rede de museo, como e con que medios? E a cuestión dos medios é absolutamente discutible, nós temos partidas e imos outra vez aos orzamentos, promoción da rede museística, 21.000 euros, novos proxectos da rede museística, 10.000 euros, estas partidas non se acaban executando ano final do ano, concretamente a de novos proxectos levamos dous exercicios nas que consignan 10.000 euros que en teoría é para darlle pulo e vixencia ao nosa rede de museos, e no 2015 xa non, pero no 2016 vai cunha realidade de que posiblemente non se execute.

Polo tanto, a planificación tamén son recursos e é certo que esta cidade vive nunha situación perigosa en canto a recursos culturais, primeiro, pola Xunta de Galicia que si que fai recortes tamén en determinados convenios que noutros concellos deste país asina cos propios concellos para manter museos, o museo do Viño está cofinanciado polo concello de Ribadavia e pola Xunta de Galicia, museos sectoriais importantes deste país a Xunta de Galicia tamén achega, pero que enriba a existencia da obra social das antigas caixas de aforros polas políticas de destrución do pouco que quedaba de banca para a pública, significa que aquela función que tiña a Fundación Caixanova ou Caixa Galicia desaparece da face da terra, certo que hai unha fundación e un intento de que pareza de que iso é algo

parecido á antiga rede das caixas de aforros, pero que antes as caixas de aforro o 17% do beneficio tiña que adicalo a obra social, desaparecendo as caixas de aforros, moitas exposicións sobre todo temporais que cofinanciaba a entidade de aforro desaparece, polo tanto, temos un problema, teremos que poñer máis recursos, nós estamos de acordo con facer un plan pero se poña cartos no orzamento para facelo.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar, quixera dende a Concellería de Cultura recoñecer o extraordinario traballo feito polo departamento de Patrimonio pola súa directora ou concelleira delegada e por tódolos técnicos.

Vou poñer un exemplo simplemente, unha das exposicións que máis éxito tiveron nesta cidade dende hai décadas, me refiro a Emporium no Verbum precisamente, que tivo un recoñecemento de crítica e sobre todo dos sectores máis influentes da xeografía, da arqueoloxía, de incluso de museos como o de Madrid de Arqueoloxía, é gracias precisamente ao traballo feito no rescate e en poñer en valor as obras achadas nos xacementos de Vigo. Loxicamente esta exposición que é a expresión dese compromiso pola arqueoloxía neste caso, polo patrimonio en definitiva, non houbera sido posible se realmente non houbera existido esa sensibilidade e ese traballo realizado dende o departamento de Patrimonio deste Concello.

En segundo lugar, eu quería referirme de que para facer un tratamento ante un problema hai que facer un tratamento correcto, hai que facer un diagnóstico correcto, e eu creo que non se fixo un diagnóstico correcto dos temas dos museos nesta cidade.

A diminución dos visitantes non é un problema local, nin moito menos, é un problema global que está no discurso actual da concepción do museo no século XXI, tódolos museos de España excepto os estatais, que teñan grandes coleccións ou que poidan realizar exposicións temporais exclusivas, tiveron unha perda importante de visitantes nas últimas décadas, concretamente nos últimos anos. É moi vello o medir o éxito dun museo ou a política cultural, polo número de visitantes, é algo que forma parte xa do que é o discurso técnico-científico dos museos actuais, polo tanto, esa visión é moi pequena, non digo que non sexa importante o tema de visitantes, pero non só o factor de influencia ou impacto polo cal se debe fixar a categoría dun museo e a política cultural dunha cidade.

Hai elementos que explican perfectamente esta diminución de visitantes, insisto, lea as estadísticas do Ministerio de Educación e Cultura onde se fala precisamente desta dramática caída de visitantes en tódalas redes museísticas, excepto aquelas que son de ámbito estatal como dicía anteriormente. Por unha parte, a crise, pola diminución de fluxos financeiros necesarios para manter as estruturas, unhas estruturas que estou de acordo co representante de Marea de Vigo, ás veces creceron como setas e ao amparo de caprichos políticos como foi por exemplo o caso do Verbum que foi un erro recoñecido por esta Corporación e concretamente polo seu Alcalde, ao que hai que darlle a alternativa nos próximos meses, pero tamén non só é a crise económica, financeira, é o cambio de prioridades dos cidadáns nas crises, porque loxicamente cando os cidadáns sofren a crise, os recortes en ámbitos fundamentais da subsistencia, loxicamente o que deixan de ir e consumir son recursos que son complementarios ou accesorios, por moi importantes que sexan como a cultura, por outra parte hai un cambio de paradigma no concepto dos museos e por suposto no concepto da cultura tal como o tiñamos entendido, simplemente un exemplo, como se pode esixir aquí neste Concello que se aumenten os recursos ou que se teñan en conta cando o goberno central diminuíu en cultura o 50% do orzamento nos últimos anos, como se pode esixir neste Concello que se acheguen máis recursos ou que se teñan un rede estruturada e viable de museos cando se diminuíu o 60% dos orzamentos da Xunta de Galicia nos últimos anos? Como se pode dicir neste Concello, neste Pleno, que se apoie a Cultura cando a Xunta de Galicia non apoia os movementos culturais esenciais como orquestras sinfónicas desta cidade fronte a millonarias axudas noutras cidades?

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que non só é un problema de cartos, creo que na miña exposición de motivos clarexeino bastante ben, se pode esixir neste Pleno como tantas veces esixiron na lexislatura anterior á Deputación de Pontevedra que entrase con financiamento no Marco e agora están vostedes gobernando na Deputación e non entran, por exemplo, entón os que falan máis de financiamento e cartos son vostedes, eu estaba a falar dun tema de vontade política. Fago un encomio tamén pola nosa parte aos técnicos de patrimonio, por suposto, e aos xerentes e directores dos museos que teñen que facer, cónstame,

encaixe de bolillos para intentar facer que os museos que eles dirixen ou no que están ao fronte resulten atractivos e teñan visitas. É un problema local? Pois si, porque os vigueses, ningún mellor que nós para saber cales son os nosos atractivos, a riqueza, o Museo Quiñones de León, Liste, case que os vigueses non o coñecen e son museos moi atractivos, son recintos históricos moi vinculados ademais á historia da cidade que non só é ir a visitar senón que teñen ao redor unha cantidade de potencial, unha historia que se podería aproveitar e eu, insisto, que hoxe en día ademais a través da tecnoloxía con moitas posibilidades e que non o estamos a facer, e o exemplo que lle poño é tamén Malaga, se vostede me fala a nivel nacional ou autonómico vale, pero é que a propia cidade é a que sabe cal é o atractivo e cal pode ser o filón do que tirar, nós temos aquí a Verne, moitas veces o presentamos en mocións o grupo Popular para poder aproveitar ese tirón que ao mellor valoran máis fora que nós dentro da propia cidade. Insisto en que ao final se hai vontade para facelo, que é o que dicía ao principio, pois farémolo porque as cifras son importantes, claro que son importantes, porque se nós vemos que no último ano caen 12.400 persoas, que caen 60.000 dende o ano 2009 é que se están a reducir as visitas, cando non é a proporción igual a nivel estatal, é dicir, é un caso e é problema local desta cidade e calquera persoa que nos escoite poderá saber que non resultan atractivos, que non hai oferta, que queremos turismo tamén familiar, os fines de semana realizar diferentes actividades en familia con diferentes idades, ter ofertas nocturnas, ofertas en días ou propostas específicas. Conclusión, este goberno do Partido Socialista non soubo aproveitar e facer unha proposta atractiva dos museos por iso nós imos seguir pedíndoo e o pediremos sempre, hai exemplos para sabelo e insisto se é un tema de financiamento tantas veces pediron ao goberno do Partido Popular na Deputación de Pontevedra que metese investimentos no museo Marco, agora que están a gobernar vostedes se cren que esa é a solución pois entón tamén fágaa, insisto, Plan de Investigación, Plan de Actividades Escolares, Patrimonio Arqueolóxico, encomiamos por suposto a tarefa dos técnicos, por suposto, e cremos ademais que é un revulsivo para a economía de toda a cidade.

PRESIDENCIA: Antes de poñer a votación esta moción, síntome na obriga como Presidenta do Pleno de clarear unha cuestión que propuxo na súa primeira

intervención a proponente desta moción porque a xente de Vigo ten que saber a verdade e se non clarexamos pode quedarse cunha mentira entón eu, síntome obrigada a clarexala, no ano 2015 o Concello de Vigo, Zona Franca e a Xunta de Galicia asinaron un acordo para crear o Consorcio do Casco Vello para rehabilitar exclusivamente o barrio alto, no 2009 cando gobernaba a Xunta de Galicia co presidente o Sr. Pérez Touriño, ante a demanda da Zona Franca de que os seus estatutos impedíanlle seguir formando parte dese consorcio, decidiuse un goberno socialista e do Bloque Nacionalista Galego, achegar 15 millóns de euros a ese consorcio do Casco Vello, por certo, os únicos 15 millóns de euros que achegou a Xunta de Galicia, dende aquel momento se teñen achegado cero euros, seguimos cos 15 millóns de euros que achegou o bipartito, exclusivamente para o barrio Alto, en once anos, 15 millóns de euros que achegou o goberno liderado polo Sr. Pérez Touriño. Dende que gobernamos nós nesta cidade, non conxunto da Casco Vello particularmente no Casco Vello baixo que é o volume potente do Casco Vello, 45 millóns de euros, a Xunta de Galicia que ten as competencias de Patrimonio Histórico, 15 millóns de euros, un goberno liderado polo Sr. Touriño, o goberno da cidade 45 millóns de euros, tres veces máis, simplemente por clarexar, nada máis, para que non queden cuestións que non se corresponden coa verdade, a verdade ten que estar sempre por enriba de todo.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego e atópanse ausentes a Sra. González Sánchez, do grupo municipal do Partido Popular e o Sr. Aneiros Pereira, do grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.11.2016 (Rex. Nº 1462/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(201).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL, TODA VEZ QUE XA SE CUMPRÍU UN ANO DENDE A ANULACIÓN DO PXOM DE 2008, A QUE APORTE AOS GRUPOS MUNICIPAIS TODA A DOCUMENTACIÓN ELABORADA ATA O MOMENTO SOBRE O NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. REXISTRO PLENO 1467/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2016, número 1467/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Este mércores 30 de novembro cómprese un ano do coñecemento público da anulación polo Tribunal Supremo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo do ano 2008. Desde esa data, esta corporación municipal ten abordado en numerosas ocasións a tramitación e redacción dun novo PXOM. A primeira delas, o 18 de decembro de 2015; a última, o 5 de setembro deste mesmo ano.

Doce meses parece tempo máis que suficiente para iniciar un novo documento na procura de solucionar o principal problema que Vigo ten enriba da mesa nestes momentos. Un traballo, cómpre lembrar, que é unha competencia estrita do Goberno municipal, e que afecta tanto ás familias, que se quedaron atrapadas na tramitación das súas licencias, como aos investidores interesados no impulso de proxectos na cidade, con claras consecuencias negativas para a economía local.

Un ano despois da anulación temos escoitado todo tipo de declaracións insubstanciais por parte do alcalde, Abel Caballero, e da concelleira de Urbanismo, María José Caride, quen chegou a afirmar neste mesmo pleno, o mencionado 5 de

setembro, que xa estaba elaborado o 75% do documento inicial de tramitación dun novo Plan Xeral.

Así mesmo, cómpre salientar que, si realmente existe unha intención clara de sacar adiante un novo plan, tampouco valen as escusas escoitadas referentes á normativa. Non en van, a administración autonómica ten manifestado, desde o primeiro momento, a súa vontade de cooperación e a súa disposición para poñer todas as facilidades posibles na elaboración dun novo Plan.

Pese a todo o exposto, e pese a solicitalo en numerosas ocasións, a día de hoxe este grupo municipal non ten recibido ningún tipo de información sobre o novo PXOM, y moito menos ningunha documentación sobre o mesmo.

O Grupo Municipal do Partido Popular ten reiterado a necesidade de adiantar os traballos necesarios para que Vigo poida contar cun novo PXOM. De feito, naquel pleno do 18 de decembro do ano pasado, aprobouse por unanimidade, tamén cos votos a favor do PSOE, a tramitación dun novo Plan Xeral. Non obstante, o goberno municipal ata o de agora non ten facilitado ningún tipo de información nin de documentación ao respecto, pese a votar tamén a favor disto na citada sesión plenaria de setembro deste mesmo ano.

A necesidade dese traballo que debería ter realizado o executivo, na procura de contar xa cun documento de aprobación inicial, céntrase na inexcusabilidade de que Vigo poida dispoñer, canto antes, dun novo Plan Xeral elaborado desde a seriedade e o rigor, e dotado da máxima seguridade xurídica. Algo que non sucedeu, como se pode comprobar, co PXOM de 2008.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao Goberno local, toda vez que se ten cumprido xa un ano da anulación do PXOM de 2008, a que aporte aos grupos municipais toda a documentación elaborada ata o momento actual sobre o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2. Instar ao Goberno municipal a concretar unha data específica para poñer a disposición dos grupos municipais o documento inicial estratéxico e o novo borrador inicial do Plan Xeral.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pasado mañá cúmprese un ano dende que Vigo coñecera a sentenza do Tribunal Supremo que ordenaba a anulación do PXOM do ano 2008, probablemente a peor noticia que recibiu esta cidade na súa recente historia, pasou un ano, 365 días nos que pedimos unha e outra vez explicacións a este goberno municipal do que exactamente estaban a facer para traballar nun novo plan porque hai que lembrar que dende hai 365 días, Vigo en pleno ano 2016 está cun plan xeral de 1993. A explicación non só a demanda do Partido Popular, a demandan miles de vigueses que tamén son de Vigo aínda que non pensen igual que o goberno municipal, e lles pedimos por iso moitas veces que nos deran unha explicación. Vimos como reiteradamente se ignoraron esas peticións, incluso hoxe temos que volver a lamentar que cando se vai debater as mocións que presenta o Partido Popular, o Sr. Alcalde de Vigo levántase e se marcha do Pleno, e iso que tanto nos piden respecto, bo ton, talante e resulta que maior falla de respecto que levantarse e marcharse cando se falan dos problemas da cidade, é difícil de atopar, e ademais cando se propoñen cuestións como as que estamos propoñendo, coa máxima vontade de colaboración pola nosa parte, tendémoslle na man nestes 365 días en innumerables ocasións Sra. Caride, pero a vostedes non lles interesa porque cando lles pedimos unha folla de ruta resulta que todo é culpa da Xunta de Galicia, cando lle pedimos unha planificación resulta que a Xunta de Galicia non sei que fai que o impide, pero esquécese unha e outra vez que facer un plan xeral de ordenación municipal é única e exclusivamente competencia municipal e vostedes miraron para outro lado ao longo do último ano, miraron para outro lado a miles de familias que se viron atrapadas na tramitación das súas licencias, que non saben que facer coas súas propiedades e que agora non teñen un plan de futuro, e que por certo pediron tamén aquí falar no Pleno, tamén dende o máximo respecto e tampouco se lles deixou falar neste Pleno. Tamén para tódolos inversores que teñen os investimentos paralizados na nosa cidade, tan importantes investimentos para o desenvolvemento futuro de Vigo e durante este tempo o único que nos deron son palabras baleiras e falsas promesas e algunha outra solución imaxinativa que era paralela á legalidade.

Durante todo este tempo, durante este ano, prometeron primeiro, levar este plan o

máis axilmente posible, o 18 de decembro do 2015 votamos a favor de iniciar canto antes un plan xeral de ordenación municipal, despois nas sucesivas veces que falamos neste Pleno do Plan Xeral sempre por iniciativa dos grupos da oposición, nunca por iniciativa do grupo municipal do Partido Socialista do goberno municipal, houbérame gustado que a Sra. Caride houbera pedido unha comparecencia para falarnos de que tramitación había, a última vez que falamos deste tema o 5 de setembro vostede nun acto insólito, teño que recoñecelo, votan a favor dunha moción presentada polo Partido Popular a favor de dar toda a documentación. Si, ven vostede aquí cunha carpeta, cunha caixa dicindo, anunciando a bombo e “pratillo” que o 75% do plan estaba feito e que nolo ían a poñer a disposición. Dende o 5 de setembro pasaron case tres meses Sra. Caride e nin nos puxeron a disposición esa documentación nin se volveu a saber nada da tramitación dese Plan Xeral, nin nas Xerencias de Urbanismo, Sra. Caride, que xa sei que vostede me vai falar das Xerencias de Urbanismo nas que vostede o único que fai é dar largas pero non da nin un só dato.

Dicía Cicerón que a verdade se corrompe tanto coa mentira como co silencio, e vostedes corrompen a verdade coa mentira e co silencio, coas dúas cousas, dan no pleno, a mentira cando votan unha cousa e fan outra, como fixeron no Pleno do pasado 5 de setembro, e o silencio cando non nós dan nin unha soa data, nin un soa planificación, eu espero que non aproveite a súa quenda de intervención para botar balóns fora, para falar da Xunta de Galicia, para falar da nova normativa, asuma a súa responsabilidade como concelleira de urbanismo xa que non o fixo como conselleira da Xunta de Galicia, principal responsable como conselleira da anulación deste plan xeral e nos digan a que adicaron esta ano da elaboración do Plan Xeral? Que trámites avanzaron? Que prazos manexan? E sobre todo, onde está o documento de tramitación inicial dun novo plan, póñao a disposición dos grupos da oposición para que todos xuntos podamos colaborar na elaboración dun novo plan xeral.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estando de acordo, como non pode ser menos co acordo que insta esta moción, toda a información que se nos traslade aos grupos municipais precisamente sobre o estado da tramitación do novo PXOM e dende logo, nós si que queríamos facer algunhas consideracións preocupantes, eu

entendo que o Plan Xeral é un instrumento político, moito máis que un planeamento urbanístico, nesta cidade o planeamento se ten empregado como arma de combate entre a oposición e o goberno e dende logo non sería nada novo perder un ano con respecto ao que temos perdido durante moitos anos en tramitación urbanística, é certo cunha parte por esa loita política e outra parte porque moitas veces os intereses dos vigueses/as non estaban enriba mesa na construción dun planeamento e o que estaba era precisamente os intereses do sector inmobiliario e nalgunha altura incluso con capacidade de decidir sobre o planeamento desta cidade, pero o grupo municipal da Marea de Vigo temos pedido en moitas ocasións, eu quería xa de unha vez por todas abrir un mecanismo de diálogo permanente entre a oposición e o goberno e iso para nós non deixa outro lugar á imaxinación que construír xa unha comisión de planeamento, é certo que hai unha Xerencia de Urbanismo, nós queremos unha comisión de Pleno adicada exclusivamente tanto a concretar que traballos se están a facer en torno á redacción do novo plan como para trasladar a información dende o punto de vista do goberno local e neste caso da Xerencia de Urbanismo aos grupo municipais.

Imos ser polo menos positivos ou imos facer un razoamento hipotético dedutivo co que aprobamos na Xerencia de Urbanismo do pasado venres no que si aí votamos todos a favor dun complemento de produtividade polos traballos de realización do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, é dicir, imos pagarlle a unha serie de traballadores públicos unha serie de gratificacións para a redacción do Plan Xeral, cousa coa que nós estamos de acordo, e se esas gratificacións abren un horizonte de dez meses, pois este grupo municipal pode entender e logo a intervención da concelleira no lo pode clarificar, que en dez meses teremos feito o Plan, porque unha empresa onde traballo se o meu xefe paga horas extras e nós di que en tanto x tempo ten que estar algo enriba da mesa e non está, pois hai de todo, dende non volver facer horas extras nunca máis ou seguramente buscar culpables de que eses traballos non se leven. Polo tanto, se en 10 meses vai ser o traballo que imos confiar, nós estamos de acordo que sexa internamente, incluso cremos que axiliza o trámite que sexa a través da Xerencia e simplemente deixando as cuestións de consultoría específicas pois ao contrato público, nós aí estamos de acordo, e podemos entender que en 10 meses teríamos ese texto, pero que non é só cuestión que en 10 meses teñamos ese texto, é que nós xa alertamos, non estaba

Marea no Parlamento de Galicia pero estaba Alternativa Galega de Esquerda que a Lei do Solo e o Regulamento que acompañaba á Lei do solo, cando menos era discutible, e que ese Regulamento, polo menos os primeiros concellos que tiveran que adaptar o seu planeamento a ese Regulamento, ían estar nunha terra de ninguén ou nun limbo para poder facer o planeamento, o Sr. Feijóo non tivo problema, en dous días antes do proceso de votación da selección, aprobar pola vía urxente ese Regulamento, témolo enriba da mesa e é certo que o Concello de Vigo pode ser cabaia para ver como se leva adiante a adaptación do Regulamento, hai cuestións que nós estamos a favor, incluso algunhas cuestións que o Concello de Vigo dubidou sobre o número de vivendas que pode conter un plan xeral e unha transposición dunha lei estatal socialista coa que nós estamos radicalmente a favor, pero sabemos que ese Regulamento vai ser difícil, somos o primeiro concello, por iso pedimos tamén unha comisión mixta entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, posiblemente o resto dos concellos de Galicia non a tiveran nunca, pero o Concello de Vigo ten suficiente extensión territorial, problema con xa nun horizonte de 25 anos ter dous planeamentos anulados como para que esa comisión se constituía e así como se fan os traballos en comisión mixta entre, por exemplo a Zona Franca e Concello para a cuestión que ten que ver coa panificadora pois non o entendemos porque o Concello e a Xunta de Galicia en vez de facerse ese intercambio epistolar que está ben, eu sei que é importante en política e as “Cartas dos Apóstolos aos Corintios” ata as fórmulas máis modernas como “Luis se fuerte” a través de wassap, que a interrelación entre a xente é moi importante, fagan un grupo de telegram, nos vale, a parte os chats son privados e se poñan en contacto máis alá de cartas que se dilatan no tempo meses, eu solicito por escrito unha cousa, fagan unha comisión e solventen.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Retomando ese bo ton que parece que queremos agora fomentar eu lle diría Sra. Muñoz, que parece agora que está tremendamente preocupada por cal é situación na que está o Planeamento en Vigo, a posibilidade de desenvolver proxectos tanto das familias como das empresas que queiran votar a andar un proxecto en Vigo, é unha mágoa que vostede non aproveitara a ocasión que tivo de defender a esta cidade para que en lugar dun comportamento estritamente político por parte da Xunta de Galicia, poderá utilizar a vía do

profesor, o Sr. Parejo, si, non era paralela a ningunha ilegalidade, invítolle a vostede a que se lea a sentenza do Tribunal Supremo do día 6 de setembro, voulle dicir un número para que tome boa nota, a sentenza 1997 do ano 2016, unha sentenza que apoia a vía Parejo, e pídolle tamén que lle pida á Xunta de Galicia a revisión de oficio da resolución da Consellería denegando a vía Parejo ao Concello de Vigo, porque sinceramente é a solución a un problema, como vostede sabe Sra. Muñoz, aínda que parece que xa puxo a venda antes da ferida, é dicir, non poñamos excusas nun regulamento nin nunha lei, pero como lle acaba de dicir o representante de Marea de Vigo, o contexto legal para facer o Planeamento en Galicia mudou significativamente, e mudou tanto que se aprobou unha lei do solo cos votos exclusivos do Partido Popular precisamente en febreiro deste ano, pero que fai 20 días aprobouse un regulamento do que non sabíamos nada, é máis o Concello de Vigo presentou 104 alegacións a ese regulamento, sabe vostede cantas introduciu a Xunta de Galicia das significativas para Vigo? Cero, algunha cuestión metropolitana que tivera en conta a necesidade de máis dotacións públicas, servizos, etc. singularidade da cabeceira dunha metropoli, dun área metropolitana como Vigo? Cero. A consideración dalgunha cuestión que teña que ver cos requirimentos informacionais do documento do borrador? Cero. Polo tanto, as cuestións que teñen que ver, digamos co contido formal dese regulamento, que van moito máis alá do que di a lei, a lei di unhas cousas, o regulamento eliminando a posibilidade de que os parlamentarios discutan un texto, por única opción do goberno da Xunta de Galicia, delimita non só o contido e o alcance da lei do solo, senón tamén da avaliación estratéxica ambiental, esixíndolles aos concellos un requirimento que ata o de agora non estaban nin moito menos proposto. Polo tanto, o que está vostede facendo e defendendo, é a posición da Xunta de Galicia que claramente prexudica a Vigo, dende o primeiro momento o Concello de Vigo dixo que ía poñer a traballar e claro que estamos a traballar, Sra. Muñoz, Sr. Pérez, os pagos de retroactividade no se fan “ex ante”, fanse “ex post”, polo tanto o traballo deses funcionarios está feito, só fallaría que pagásemos antes de que fixeran un traballo, pagamos un complemento de produtividade porque o traballo está feito, o documento do borrador e o documento inicial estratéxico tiñan a previsión de rematarse neste ano, e nesa mesma previsión traballamos iso si coas esixencias que existían ata ese momento, pero agora acaba de incorporar un

documento de existencia a nivel de detalle de información a escala 1:2000 que é moito máis aló do que ata agora se lle esixiu a ningún documento nin de borrador e case se me apura a moitos documentos de planeamento que se presentaron, é máis está esixindo un nivel de detalle ao nivel de aprobación inicial dun documento de planeamento ou de aprobación definitiva dun documento de regulamento. Polo tanto, claro que imos traballar pero sabe o que pasa, nisto de que advertía o representante de Marea de Vigo da constitución dunha comisión mixta e que coa Xunta de Galicia xa nos reunimos, en conversas técnicas, nesas conversas advertiuse ao Concello de Vigo de que ía ser soberano para determinar o grado de detalle da información que enviarían ao documento de borrador, é precisamente porque se nos di unha cousa nesa comisión e se aproba un regulamento que di unha cousa radicalmente distinta, dado que parece que as opinións dos técnicos da Xunta de Galicia non contan, nin valen, nin se apoian, nin son firmes, pedimos por escrito que nos confirmen cal é o desenvolvemento desa información, polo tanto estaremos nas condicións de desenvolver ese documento ao nivel de esixencia que a Xunta de Galicia, que a día de hoxe non nos respondeu, nos esixa e polo tanto, en canto nos informe achegaremos a documentación oportuna e lle informaremos antes de enviar ese documento á Xunta de Galicia, non teña ningunha dúbida.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sra. Caride, nada de nada novamente, nin unha soa información, antes era o 75%, agora 78%, 80%, 85%, o único que lle escoitamos a vostede agora e que agora resulta que tiñan todo moi avanzado pero veu un regulamento que lle tira todo para atrás e que pasa partimos agora do punto cero outra vez, vamos ao 10%, estamos no 15%, no 20%, no 25%? Sra. Caride, esas excusas xa non lle serven aos vigueses porque son malas excusas porque vostede sabe como eu que ese nivel de detalle de 1:2000 que se pide é exactamente o mesmo que se pedía ata agora só que era para todo o solo urbano e agora só ao solo urbano consolidado, si Sra. Caride, pero estaban facendo vostedes un documento de borrador un pouco chapuzo, recoñézo e agora estanse agarrando a onde poden para poñer excusas e seguir poñendo excusas tras excusas que é o que levan facendo os últimos 365 días. Sra. Caride, se están tan seguros de que esa solución imaxinativa da vía Parejo é tan legal e tan posible lles animo, porque

non sei por que non o fixeron xa, de que recorran a resolución da Xunta de Galicia ante o Tribunal Contencioso-administrativo, se hai unha vía legal, se non están de acordo vostedes, recorran, xa verán como lle van dar a razón se están tan de acordo os tribunais de xustiza, pero non, porque vostedes só querían tirar un balón fora e abrir outra posibilidade, porque vostede día si e día tamén o que están a demostrar é que non lles interesa un novo Plan Xeral, nada, politicamente non lles importa e o único que vostedes se moven é por motivos políticos, os intereses dos cidadáns para vostedes están nun segundo plano, só os intereses políticos, e facer un novo Plan Xeral supón un desgaste, supón exercer o goberno, tomar decisións e asumir responsabilidades e iso se lles da moi mal, francamente mal porque o que se lle da a vostedes ben é facer oposición á oposición, é botar balóns fora, culpar á Xunta de Galicia, ao goberno de España, de Europa, a todos menos asumir a súa propia responsabilidade e a súa propia competencia que é elaborar un Plan Xeral. Vostedes, primeiro interese políticos e segundo intereses dos cidadáns, imos moi mal Sra. Caride, moi mal por este camiño. Voulle dicir unha cousa, nesta lexislatura e quero que conste en acta porque veremos se pasa ou non pasa, non imos a ter un Plan Xeral novo, non o imos ter, porque a vostedes non lles interesa e o primeiro responsable terá un nome, o Sr. Abel Caballero, Sr. Presidente, Sr. Alcalde de Vigo, vostede será responsable, non imos ter un Plan Xeral, el será o responsable e vostede Sra. Caride novamente será o brazo executor, canto nos soa esta película, é a que nos levou ata aquí.

(No momento da votación atópanse ausentes a Sra. González Sánchez, do grupo municipal do Partido Popular e o Sr. Aneiros Pereira, do grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín e Muñoz Fonteriz, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira,

Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.11.2016 (Rex. Nº 1467/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

11(202).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO A PODA DAS ÁRBORES POR FALTA DE VISIBILIDADE SE SEMÁFOROS .

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Rogamos que poden as árbores de Marqués de Valladares esquina con Colón porque hai un semáforo alí que non se ve e a verdade é que é un perigo porque é unha rúa estreita cruza moita xente e Colón é unha arteira principal na que pasan tamén os coches bastante rápido, é que non se ve absolutamente nada o semáforo, case nin cando estás diante.

PRESIDENCIA: Estamos en período de poda, están a facer unha podas magníficas dende a concellería, tomamos nota.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

12(203).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á CONVOCATORIA DE NOVAS ELECCIÓNS PARA A DIRECTIVA DE PROTECCIÓN

CIVIL DE VIGO.

SR. PÉREZ CORREA: Ante a noticia que se nos traslada de que parte da directiva do operativo de Protección Civil de Vigo está dimitida, que vai facer este goberno municipal para facer cumprir o regulamento en materia da convocatoria de novas eleccións e protección civil?.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.